ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 2116/1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 3 de xullo de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día tres de xullo de dous mil vinte e seis, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(555).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de xuño de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(556).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXENCIA INFORMATIVA DE NOVAS E ALERTAS EN TEMPO REAL. EXPTE. 19515/101.**
Visto o informe xurídico do 29/06/2026 e o informe de fiscalización do 30/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/06/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**Primeiro.-** , na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*"Adxudicar a EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. o procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 19.151,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.323,88 euros.*
b) *Propón un incremento do fluxo informativo mínimo esixido na cláusula II.1 do prego de prescrición técnicas particulares:*
   - *Nivel nacional 200 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (400 noticias).*
   - *Nivel internacional 100 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (100 noticias).*
   - *Nivel autonómico 40 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (40 noticias).*
   - *Nivel local 10 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (20 noticias).*
c) *Propón un servizo de información de noticias e alertas en lingua galega.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Segundo.-** O contrato entre a mercantil EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. e o Concello de Vigo formalizouse en documento administrativo en data 28 de xullo de 2023. Na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é dun ano, sendo a data de inicio o 29 de xullo de 2023 e a da finalización o 28 de xullo de 2024.

A cláusula cuarta do contrato establece tres prórrogas dun ano de duración cada unha. A prorroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos, tal e como establece o art.29.2 LCSP:

A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso A Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de xullo de 2024 adoptou o seguinte acordo:

*Primeiro.- Aprobar a primeira prórroga dun ano de duración do vixente contrato do "Servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real. (Expediente: 19515-101)" formalizado coa mercantil EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. polo período comprendido entre os días 29 de xullo de 2024 ao 28 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

*Segundo- Autorizar un gasto estimado por un importe total de 19.151,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.323,88 euros a favor EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2024 e 2025, ou a súa bolsa de vinculación.*

*Sendo o cálculo dos importes previstos para 2024 e 2025 os seguintes: Ano 2024: 7.979,95 €; e ano 2025: 11.171,93 €.*

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Tomar razón do cambio de denominación social de EUROPA PRESS DELEGACIONES, SA a AGENCIA EUROPA PRESS, SA. como empresa contratista do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101).*

**Quinto.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de xuño de 2025, adoptou o seguinte acordo:

*Primeiro.- Aprobar a 2ª prórroga dun ano de duración do vixente contrato do "Servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real. (Expediente: 19515-101)" formalizado coa mercantil "AGENCIA EUROPA PRESS, S.A." (antes do cambio de denominación social "EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A.") polo período comprendido entre os días 29 de xullo de 2025 ao 28 de xullo de 2026, ambos os dous incluídos.*

**Sexto.-** En data 12 de maio de 2026, comunicouse *"AGENCIA EUROPA PRESS, S.A."* a finalización da segunda prórroga do contrato o día 28 de xullo de 2026, así como o preaviso da terceira e última prórroga por un período dun ano, comprendido entre os días 29 de xullo de 2026 e 28 de xullo de 2027, ambos os dous incluídos, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. O citado preaviso foi efectuado con máis de dous meses de antelación á finalización do contrato, cumprindo así o prazo mínimo legalmente establecido.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos admi-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

nistrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente, na cláusula 7.3 e no apartado 4.C da Folla de Especificacións do Contrato (FEC), que o contrato terá unha duración inicial dun ano e poderá ser obxecto de tres prórrogas sucesivas dun ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local adoptado con anterioridade á finalización do prazo de vixencia do contrato, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, exceda da prevista nos pregos.

**Cuarto.**- En data 12 de maio de 2026, comunicouse *"AGENCIA EUROPA PRESS, S.A." a* finalización da segunda prórroga do contrato o día 28 de xullo de 2026, e *pre-aviso da terceira e última prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 29 de xullo de 2026 ao 28 de xullo de 2027, de conformidade co art. 29.2 LCSP.*

**Quinto.-** Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga do contrato do "Servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101)", polo período comprendido entre os días 29 de xullo de 2026 ao 28 de xullo de 2027, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo de execución do contrato e as dous prórrogas, foi satisfactorio e a empresa contratista cumpriu correctamente as condicións do contrato.

**Sexto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sétimo.-** O período da prórroga do contrato comprenderá entre os días 29 de xullo de 2026 e o 28 de xullo de 2027, ambos os dous incluídos.

O importe do prezo da prorroga do contrato é de 19.151,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.323,88 euros con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Pro-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

gramas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2026 e 2027, ou a súa bolsa de vinculación. O cálculo dos importes previstos para 2026 e 2027 son os seguintes:

- Ano 2026: 7.979,95 €

- Ano 2027: 11.171,93 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a terceira e última prórroga dun ano de duración do vixente contrato do "Servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real. (Expediente: 19515-101)" formalizado coa mercantil "AGENCIA EUROPA PRESS, S.A." polo período comprendido entre os días 29 de xullo de 2026 e o 28 de xullo de 2027, ambos os dous incluídos.

**Segundo-** Autorizar un gasto estimado por un importe total de 19.151,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.323,88 euros a favor "AGENCIA EUROPA PRESS, S.A." con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2026 e 2027, ou a súa bolsa de vinculación.

Sendo o cálculo dos importes previstos para 2026 e 2027 os seguintes:

- Ano 2026: 7.979,95 €

- Ano 2027: 11.171,93 €.

**Terceiro.-** Adoptado o acordo, deberá notificarse á empresa adxudicataria AGENCIA EUROPA PRESS, S.A. indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**3(557).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS: ANOS 2026-2029. EXPTE. 293863/301.**

Visto o informe xurídico do 13/05/2026 e o informe de fiscalización do 26/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/05/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (ASV) para a prestación do servizo de intérprete da língua de signos.

I.2. A ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:

1.A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).

2.A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade.

3.A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.A presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

I.3. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

*establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.4. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.5. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 - *"Asociación de persoas sordas de Vigo"*, por un importe de 22.860€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia": Convenio programa sordos*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.6. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (2026 – 2029).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o Informe/Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio do expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANOS 2026-2029» (Exp. n.º 293863/301).

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 91.440 €, a razón de 22.860€/ano, en concepto de subvención directa á "Asociación de personas sordas de Vigo" (CIF G-36622835 ) para a prestación do servizo de intérprete de língua de signos (anos 2026-2029). No exercicio de 2026 o gasto imputarase á aplicación orzamentaria n.º 2310.489.00.02 - *"Asociación de persoas sordas de Vigo".* As achegas correspondentes ós exercicios de 2027, 2028 e 2029 estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia": Convenio programa sordos*) no Plan Estratéxico de Subvencións (PES).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha *"convocatoria instrumental"* e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

Dª María Leonor Ruiz Bello, Presidenta da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", CIF nº G-36622835, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 24, baixo, de Vigo.

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Dª María Leonor Ruiz Bello, con DNI nº 27.324.417-A, actuando en representación da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (en adiante, ASV) é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vidas das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e pular pola súa investigación e difusión, fomentar a autonomía e a independencia deste colectivo e a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando e dando continuidade ós servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social, velando tamén pola adecuada formación das persoas intérpretes.

Consta inscrita no RUEPSS co nº E-0060 e no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 266-92.

II.- Que ámbalas dúas partes son conscientes de que esas barreiras de comunicación non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que, como a instrumentada no presente Convenio, teñan como obxectivo a efectiva integración das persoas xordas.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas xordas na cidade que teñen a necesidade específica de acudir ós servizos prestados polos profesionais intérpretes da língua de signos.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas,*

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

*rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que, ademais, segundo a normativa autonómica vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as Administracións públicas galegas deberán fomentar a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación así como a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos e a existencia nas distintas Administracións públicas deste persoal especializado, facilitando deste xeito a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego.

VII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VIII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da ASV para a prestación do servizo de intérprete da língua de signos (anos 2026-2029).

SEGUNDA.- Para estes efectos, a ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e concretamente:

5.A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).

6.A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste servizo, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

7.A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8.A presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

TERCEIRA.- O réxime de prestación deste servizo será o seguinte:

- Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de “chamada previa”; é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete deberán chamar con antelación á ASV comunicando os seus datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo.

- Deberá terse en conta que non todas as demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo no que ó horario se refire, xa que a unha hora determinada pode atoparse o intérprete realizando outro servizo.

- Cando se trate de conferencias, relatorios ou semellantes, a organización do evento respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favo-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

recer a recepción e a calidade da mensaxe e facilitando sempre e, como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.

– O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, fixándose a realización de 39 horas semanais, organizadas pola ASV como mellor conveña para os intereses das persoas que precisen do servizo.

– O código deontolóxico da profesión de intérprete de língua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.

– O servizo será totalmente gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 22.860€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 91.440 €.

O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 – “*Asociación de persoas sordas de Vigo”*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenian un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

- O 50% restante, unha vez xustificados os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimiento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO PRIMEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estructura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluirse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó periodo 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.

2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

   - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
   - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
   - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó *"estampillado"* de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.
No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SEGUNDA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

DÉCIMO SEXTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da ASV e dous representantes municipais (unha delas, o/a técnico/a do Servizo de Benestar Social responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO SÉTIMA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO OITAVA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

DÉCIMO NOVENA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

**4(558).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA" PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE SESIÓNS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSOAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA. EXPTE. 296884/301.**

Visto o informe xurídico do 15/05/2026 e o informe de fiscalización do 25/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/05/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A "Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia" (AFAGA) ten como finalidade promover actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e unha mellor atención ós enfermos de Alzheimer e outras demencias.

I.2. A finalidade deste convenio é subvencionar un Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa.

I.3. Os obradoiros teñen como obxectivos:

9.Mellorar a calidade de vida das persoas enfermas de Alzheimer e do seu núcleo de convivencia.
10.Proporcionar ó grupo de convivencia os instrumentos máis axeitados para afrontar as situacións derivadas da doenza.
11.Prolongar, na medida do posible, a primeira fase da enfermidade, cando a persoa enferma aínda conserva certo grao de autonomía.

I.4. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.5. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

*e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.6. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 – *"ASOCIAC. FAMILIARES D ENFERMOS ALZHEIMER, AFAGA"*, por un importe de 22.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia": Convenio Afaga*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.7. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación AFAGA (exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o Informe/Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio do expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA" (AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE SESIÓNS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSONAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA (ANOS 2026 – 2029)» (Exp. n.º 293511/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 88.000€, a razón de 22.000€/ano, en concepto de subvención directa á "Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia" (CIF G-36776920) con cargo, no exercicio de 2026, á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 –*"ASOCIAC. FAMILIARES D ENFERMOS ALZHEIMER, AFAGA".* As achegas correspondentes ós exercicios de 2027, 2028 e 2029 estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia": Convenio Afaga*) no Plan Estratéxico de Subvencións (PES).

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha *“convocatoria instrumental”* e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA” (AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE SESIÓNS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSONAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA (ANOS 2026 – 2029)

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, con DNI nº 36.073.858-Z, Presidente da “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA), CIF nº G-36776920, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Martínez Garrido nº 21, interior, de Vigo.

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, actuando en representación de AFAGA, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ós Exps. Núms. 293511/301 e 296072/301, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a "Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia" (AFAGA) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen estas enfermidades. Figura inscrita no RUEPSS co nº E-0411 e no Rexistro Municipal de Asociacións desde o ano 1994 co nº 00343-94.

II. De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAGA son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social, etc.

III.- Que, dentro deses programas, conta cun *"Programa de respiro familiar a través de sesións de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa"* que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós coidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.

IV.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Vigo.

V.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

VI.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VIII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAGA para o desenvolvemento dun *“Programa de respiro familiar a través de sesións de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa” (anos 2026-2029)*.

SEGUNDA.- Para estes efectos, AFAGA comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento do Programa, co que se pretende traballar os aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe…), funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade…), proporcionar apoio emocional ós familiares dos asistentes ós obradoiros, procurarlles un tempo de lecer con actividades lúdicas e dotalos de coñecementos prácticos en relación á atención e coidados dos enfermos con demencia.

Para a inclusión no programa avaliarase a situación cognitiva e condutual, así como as capacidades básicas e instrumentais da vida diaria. Unha vez feita a avaliación, todas as persoas consideradas aptas para os obradoiros deberán ser incluídas no Programa.

TERCEIRA.- AFAGA comprométese tamén a:

12.Aceptar ós/as beneficiarios/as (enfermos/as e familiares) que sexan derivados polo Servizo de Benestar Social do Concello, seguindo o criterio antes indicado.

13.Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

14.Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

15.Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

16.Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade AFAGA unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 22.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 88.000€. O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 – *“ASOCIAC. FAMILIARES D ENFERMOS ALZHEIMER, AFAGA”*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

(mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia": Convenio Afaga*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

- O 50% restante, unha vez xustificados os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.
SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimiento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dous representantes de AFAGA e dous representantes municipais (un deles, o/a técnico/a do Servizo de Benestar Social responsable do Programa) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estructura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluirse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó periodo 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.

2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

   - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
   - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
   - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

procedendo ó *“estampillado”* de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

**5(559).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO" PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS AO COMEDOR "VIRGEN DE LOURDES": 2025-2028. EXPTE. 280280/301.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/05/2026, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A «Asociación Misión del Silencio» é unha institución privada relixiosa fundada en 1974 que conta na nosa cidade cun comedor social na rúa Urzáiz nº 39 (*"Comedor social Virgen de Lourdes"*), en funcionamento desde hai moitos anos. Dispón de 44 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia e atende nel a persoas e familias en situación de grave vulnerabilidade social.

I.2. O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que seguen a ter a necesidade de acudir a este tipo de recursos para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementarios dos recursos propios



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

dos servizos sociais municipais como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

I.3. O 25.06.2025 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO" PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR *"VIRGEN DE LOURDES"* (2025–2028)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20.06.2025 (Exp. nº 280280/301).

I.4. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación Misión del Silencio» unha subvención para cada un dos catro exercicios (2025-2028) por importe máximo de 80.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 320.000€. O gasto correspondente a 2025 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 – "Convenio Misioneros del Silencio". As achegas correspondentes a futuros exercicios (2026-2028) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.*

*A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1,50€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais...».*

I.5. A fin de incrementar a achega municipal ó financiamento dos menús dos comedores sociais na mesma medida que se fixo xa con outras entidades coas que tamén se manteñen convenios de colaboración desta natureza (p.ex. Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José: Comedor "La Esperanza"), pasando dese 1,50€/menú a 1,75€/menú e mantendo o máximo dos 80.000 € previstos na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14, resulta preciso proceder á modificación daquela Estipulación do Convenio.

I.6. Polo anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha *Addenda* para os anos 2026, 2027 e 2028 do Convenio de colaboración coa «Asociación Misión del Silencio», que afecta exclusivamente á súa Estipulación Terceira.

I.7. De acordo co previsto na súa Estipulación Décimo primeira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda»*.

I.8. Tal como se recollía expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Misión del Silencio» aprobada pola XGL o 20.06.2025, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

I.9. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta *Addenda* deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3).

I.10. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola *Addenda* en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 21.05.2021.

I.11. A competencia para aprobar a *Addenda* ó precitado Convenio correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá, de acordo co Art. 127 da LRBRL e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e coa Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

I.12. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. j]; BOPPO nº 124, do 28.06.2023 e Base nº 40.2).

I.13. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á *ADDENDA* ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO" PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR *"VIRGEN DE LOURDES"* (2025–2028)» para os exercicios de 2026, 2027 e 2028, co texto que a seguir se transcribe.
SEGUNDO.- Esta *Addenda* non supón modificación da achega máxima anual (80.000€/ano: aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 - *"Convenio Misioneros del Silencio"*) xa aprobada pola Xunta de Goberno local o 20.06.2025 (Exp. n.º 280280/301; trámite n.º 35), variando unicamente a contía do financiamento municipal do prezo dos menús deste comedor social, que pasa de 1,50€/menú a 1,75€/menú.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*ADDENDA* Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR *“VIRGEN DE LOURDES”* (2025–2028)

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D.ª M.ª Guadalupe Egido Pérez, Presidenta da «Asociación Misión del Silencio», con DNI nº 36.015.246-Y e enderezo para os efectos de notificación na rúa Urzáiz nº 39 de Vigo.

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

Dª Mª Guadalupe Egido Pérez, actuando en representación da «Asociación Misión del Silencio» (CIF R3600388G), segundo así resulta dos seus Estatutos e da demais documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente *Addenda* e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

EXPOÑEN

I. O 25.06.2025 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR *“VIRGEN DE LOURDES”* (2025–2028)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20.06.2025 (Exp. nº 280280/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Misión del Silencio» para a atención das persoas derivadas polos servizos sociais municipais ó comedor social *“Virgen de Lourdes”*, situado na rúa Urzáiz nº 39 de Vigo, contribuíndo ó seu normal funcionamento e dotando ós servizos prestados pola Asociación da necesaria estabilidade que lle permitise seguir atendendo ás necesidades básicas de alimentación das persoas e familias usuarias. O comedor dispón de 44 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia e atende nel a persoas e familias en situación de grave vulnerabilidade social.

III. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación Misión del Silencio» unha subvención para cada un dos catro exercicios (2025-2028) por importe máximo de 80.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 320.000€. O gasto correspondente a 2025 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 – “Convenio Misioneros del Silencio”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2026-2028) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.*

*A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1,50€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais...».*

IV. A fin de incrementar a achega municipal ó financiamento dos menús dos comedores sociais na mesma medida que se fixo xa con outras entidades coas que tamén se manteñen convenios de colaboración desta natureza (p.ex. Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José: Comedor “La Esperanza”), pasando dese 1,50€/menú a 1,75€/menú e mantendo o máximo dos 80.000 € previstos na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14, resulta preciso proceder, mediante esta *Addenda*, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Décimo primeira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se intrumentará mediante a correspondente Addenda»*.

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Terceira do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SO-



Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

CIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR *“VIRGEN DE LOURDES”* (2025–2028)», que quedará coa seguinte redacción:

*«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación Misión del Silencio» unha subvención para cada un dos catro exercicios (2025-2028) por importe máximo de 80.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 320.000€. O gasto correspondente a 2025 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 – “Convenio Misioneros del Silencio”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2026-2028) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.*

*A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose, para as anualidades de 2026, 2027 e 2028 a razón de 1,75€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais»*.

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Quinta do Convenio subscrito o 25.06.2025 entre a Concellería de Política Social e a «Asociación Misión del Silencio», pagándose o 50% (40.000€) logo da asinatura da *Addenda* e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior e o 50% restante (40.000€) unha vez xustificados os gastos realizados ata o 1 de novembro dos exercicios de 2026, 2027 e 2028. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente *Addenda* estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta *Addenda*, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

**6(560).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE PRIVADA E VIXILANCIA DESCONTINUA DAS INSTALACIÓNS DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS. EXPTE. 3092/448.**

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data:

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguridade privada e vixilancia descontinua das instalacións do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo (3092-448) (emenda documentación)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de seguridade privada e vixilancia descontinua das instalacións do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo (3092-448)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 13 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo de "SEGURIDADE PRIVADA E VIXILANCIA DESCONTINUA DAS INSTALACIÓNS DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO", cun orzamento de licitación que ascende a un importe máximo de "SESENTA E TRES MIL SESENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS" (63.066,46 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 10.945,42 €, segundo a seguinte distribución de anualidades proposta:*

| | Parte fixa do contrato | Parte variable do contrato | GX+BI | IVA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 2026 | 16.320,24 € | 1.131,00 € | 2.094,15 € | 4.104,53 € | 23.649,92 € |
| 2027 | 21.760,32 € | 1.508,00 € | 2.792,20 € | 5.472,71 € | 31.533,23 € |
| 2028 | 5.440,08 € | 377,00 € | 698,05 € | 1.368,18 € | 7.883,31 € |
| TOTAIS | | | | | 63.066,46 € |

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e polo xefe de Área de Servizos Xerais o día 10.12.2025.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 26.01.2026.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 23.649,92 € con cargo á aplicación orzamentaria 9293.227.01.00 (SEGURIDADE) e asumir o compromiso de dotar no orzamentos iniciais dos exercicios 2027 e 2028, na aplicación orzamentaria 9293.227.01.00, créditos por importe de 31.533,23 € e 7.883,31 € respectivamente.*

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 28 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de seguridade privada e vixilancia descontinua das instalacións do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo (3092-448) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación* |
|---|---|---|
| *1* | *SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA* | *76,00* |
| *2* | *SEGURSYSTEM EUROPA, SLU* | *55,80* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA, o día 29 de maio de 2026, que presenta a documentación requirida os días 10 e 12 de xuño de 2026, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 18 de xuño de 2026, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA para que puidera emendar a documentación relativa aos anexos IV e V do PCAP. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

A documentación achegada por SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, así como a súa clasificación.
- A escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (M-2-1) presentan a clasificación M-2-5.
- Acreditación da habilitación profesional requirida no apartado 5.G) do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Aval por un importe de 2.348,93 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de xuño de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 16 de abril e 25 de maio de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de seguridade privada e vixilancia descontinua das instalacións do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo (3092-448) por un prezo total do contrato de 56.844,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.865,51 euros e coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total da parte fixa do contrato é de 52.756,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.156,15 euros.*

b) *O prezo total da parte variable do contrato é de 4.087,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 709,36 euros. A porcentaxe única de redución dos prezos unitarios no apartado 3.1 desta FEC para os servizos de apertura (parte variable) (apartado 3A da FEC) é do 10,55%.*

*c) Comprométese a o uso de vehículos para a realización das actividades definidas no artigo 3 do PPT – rondas de vixilancia e aperturas de instalacións, coa seguinte etiqueta:*

- *Etiqueta ECO: SI*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(561).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BEMBRIVE. EXPTE. 99420/332.**

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data:

**11.- Propostas de adxudicación**

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

*1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 13/01/2026, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 28/01/2026 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.*

*3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 2.067.963,48 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9915 (EIM Bembrive), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:*

| *ANUALIDADE* | *Importe (exento de IVE)* |
|---|---|
| *2026 ( 4 meses)* | *187.996,68* |
| *2027 (11 meses)* | *516.990,87* |
| *2028 (11 meses)* | *516.990,87* |
| *2029 (11 meses)* | *516.990,87* |
| *2030 ( 7 meses )* | *328.994,19* |
| *Total* | *2.067.963,48€* |

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 21 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) na seguinte orde descendente:*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL | 98,00 |
| 2 | COLEGIO LOS MILAGROS, SL | 77,72 |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** A resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL o 22 de maio de 2026. Dentro do prazo concedido, a licitadora presenta documentación e unha vez cualificada esta pola Mesa de Contratación, constátase que a licitadora carece de Plan de Igualdade vixente debidamente inscrito no Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos, Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade, e, en consecuencia acorda, en data 12 de xuño de 2026, entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa da obriga de contar cun plan de igualdade debidamente inscrito no rexistro correspondente (artículo 71.1.d)), en consecuencia, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, segundo resolución do segundo tenente de alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (resolución da Alcaldía do 15.05.2026), de data 21 de maio de 2026, COLEGIO LOS MILAGROS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles a documentación do artigo 150 da LCSP. Dentro do prazo concedido presenta documentación.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o nomeamento do seu representante, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TXSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (361.893,61 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (361.893,61 €), presentan certificado de boa execución no que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Acordo de inscrición no publicidade no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia do plan de igualdade.
- Declaración de contar cunha porcentaxe superior ao 2 % de traballadores con discapacidade na súa plantilla
- Retención do importe da garantía no prezo do contrato.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de xuño de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar COLEGIO LOS MILAGROS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 5 e 15 de maio de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) por un prezo total do contrato de 1.861.167,13 euros (IVE exento) e coas seguintes condicións:*

a) *Incrementa as horas mínimas semanais de adicación ao servizo de Orientación Familiar fixadas no PPT (2 horas) en 10 horas.*

b) *Achega 5.000,54 euros para material didáctico. Axuntase a relación de material didáctico para o desenvolvemento do PEC, que inclúe o orzamento valorado do mesmo segundo prezos de mercado*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(562).- ADXUDICACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O PROXECTO "FARO EDUCA" 2026. EXPTE. 21113/101.**

Visto o informe de fiscalización do 26/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario do proxecto "Faro Educa 2026" (21113-101) (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 19 de xuño de 2026, adoptou o seguinte acordo:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

*"Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto "FARO EDUCA 2026".*

*Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía con data 28 de abril de 2026.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Area do Servizo de Contratación e Novos Proxectos, con data 15 de maio de 2026.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.*

*O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.*

*O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de 92.805,79 €*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade."*

**Segundo.-** O 22 de xuño de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, SAU.

**Terceiro.-** O 22 de xuño de 2026 FARO DE VIGO, SAU, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 26 de xuño de 2025, reuníronse a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a do Departamento Administrativo de Alcaldía

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

De conformidade coa cláusula 15 do PCAP "*dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*" e segundo a cláusula 16 "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración*".

Ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación (cláusula 15 do PCAP).

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de FARO DE VIGO, SAU, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, FARO DE VIGO, SAU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor, ou persoa en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 26 de xuño de 2026 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a* FARO DE VIGO, SAU *o procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario do proxecto "Faro Educa 2026" (21113-101) por un prezo total de 112.295,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.489,21 euros".*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*".

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(563).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA OPERA NABUCCO. EXPTE. 10641/335.**
Visto o informe de fiscalización do 30/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/06/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística da "Ópera Nabuco" (10641-335) (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de xuño de 2026º, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da ópera "NABUCCO" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 13/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 14/05/2026.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 97.284,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 80.400,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** O 15 de xuño de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**Terceiro.-** O 19 de xuño de 2026 CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 29 de xuño de 2026, reuníronse a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 29 de xuño de 2026 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a CENTRO GLOBAL ARDILIA, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística da "Ópera Nabuco" (10641-335) por un prezo total de 97.284,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.884,00 euros".*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 10(564).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "EL TRAJE NUEVO DEL EMPERADOR". EXPTE. 10646/335.

Visto o informe de fiscalización do 30/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/06/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "El traje nuevo del emperador" (10646-335) (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 19 de xuño de 2026º, adoptou o seguinte acordo:

> *"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación da actuación artística do espectáculo "EL TRAJE NUEVO DEL EMPERADOR" da compañía La Roda Produccións, dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".*
>
> *Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 26/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 16/06/26.*
>
> *Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 20.221,45 euros, sendo o valor estimado do contrato de 16.711,94 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*
>
> *Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** O 22 de xuño de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

**Terceiro.-** O 22 de xuño de 2026 PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 29 de xuño de 2026, reuníronse a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

*ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 29 de xuño de 2026 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "El traje nuevo del emperador" (10646-335) por un prezo total de 20.221,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.509,51 euros".*

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada*".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(565).- DAR CONTA DA ESCISIÓN DA SOCIEDADE GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A., NO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE ADHESIÓN AO ACORDO MARCO DE SUBMINISTRO DE GAS NATURAL DA FEMP (LOTE 1). EXPTE. 7202/241.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/06/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 5 de setembro de 2025, acordou aprobar o expediente de contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo, mediante adhesión ao acordo marco de subministro de gas natural da FEMP (Lote 1) e adxudicar o mesmo a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

O contrato formalizouse por un prazo de un ano, comezando a súa execución o 30 de setembro de 2025, estando prevista unha prórroga de ata 12 meses de duración.

**Segundo.-** Con data 28 de abril de 2026, comunícase á Central de Contratación da FEMP que o 1 de xuño de 2026 a sociedade Gas Natural Comercializadora, S.A.U. (CIF A-61797536), iniciará un proceso de escisión da rama de actividade da comercialización de enerxía e servizos no segmento industrial e terciario. Como resultado da escisión, devandita actividade pasará a integrarse na sociedade Naturgy Clientes Empresas. S.A.U. (sociedade

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

que anteriormente operaba baixo a denominación, Naturgy Iberia, S.A.Ou). Este cambio implicará un cambio de razón social e CIF.

**Terceiro.-** A Central de contratación da FEMP, en data 9 de xuño de 2026 resolveu:

*"Primeiro.- De conformidad con lo establecido en las cláusulas 8.1, 8.2, 8.5, 8.6 del Pliego de Cláusulas Administrativas, lo dispuesto en el art. 98 LCSP, y la acreditación documental presentada por la mercantil, procede la sucesión del contratista por la vía de escisión.*

*En el Acuerdo Marco de suministro de gas natural a través de la Central de Contratación, la entidad adjudicataria de los lotes 1, 2 y 3, pasará de ser GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. (CIF A-61797536) a ser NATURGY CLIENTES EMPRESAS. S.A.U. (C.I.F. A08431090).*

*En el Acuerdo Marco de suministro de energía eléctrica, la entidad adjudicataria de los lotes 1, 2, 3, 4 y 5 pasará de ser GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. (CIF A-61797536) a ser NATURGY CLIENTES EMPRESAS. S.A.U. (C.I.F. A08431090).*

*SEGUNDO.-. Notificar la presente resolución a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A., a NATURGY CLIENTES EMPRESAS. S.A.U. y al resto de adjudicatarias del Acuerdo Marco para que tengan conocimiento y publicarla en el Perfil del Contratante de la FEMP alojado en la Plataforma de Contratación del Sector Público".*

## FUNDAMENTOS JURÍDICOS

**Primeiro.-** Segundo o artigo 98 "*Supostos de sucesión do contratista*" da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público *"Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas del dimanantes. Igualmente, nos supostos de escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúe o contrato, que se subrogará nos dereitos e obrigas derivados dela, sempre que cumpra as condicións de capacidade, ausencia de prohibición para contratar e a solvencia requirida ao acordar a adxudicación ou que as distintas empresas beneficiarias das operacións mencionadas e, se subsisten, a empresa da que proceden os activos, empresas ou sucursais segregadas, son responsables solidarios da execución do contrato. Se a subrogación non se puidese producir porque a entidade á que se atribúe o contrato non reúne as condicións de solvencia necesarias, rescindirase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario"*.

Resulta acreditado no expediente que NATURGY CLIENTES EMPRESAS. S.A.U. reúne as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación, así como que presentou unha garantía definitiva para responder deste contrato, tal e como se reflicte no citado acordo da central de contratación da FEMP.

**Segundo.-** A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

En base ás anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*"Tomar razón da sucesión do contratista outorgada por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. (CIF A-61797536) a favor de NATURGY CLIENTES EMPRESAS. S.A.U. (C.I.F. A08431090) no contrato baseado de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo, mediante adhesión ao acordo marco de subministro de gas natural da FEMP (Lote 1), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 5 de setembro de 2025, e acordada pola Central de Contratación da FEMP en data 9 de xuño de 2026."*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(566).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN FASES DE ASCENSO AOS TRES PRIMEIROS NIVEIS DE COMPETICIÓN DE ÁMBITO NACIONAL EN CATEGORÍA ABSOLUTA. EXPTE. 25730/333.**

Visto o informe xurídico de data 17/06/2026 e o informe de fiscalización do 22/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/06/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1. INTRODUCIÓN**

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos, entre outros, con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través da participación de equipos da cidade de Vigo nas fases de promoción de ascenso ós tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta das distintas modalidades.

A proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo entre outras cuestións, en liña co establecido no dito plan, a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, apoiar o desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, fo-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

mentar o desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

**2. FUNDAMENTOS**

Os obxectivos xerais da convocatoria responde ó interese por impulsar a participación dos mellores equipos da cidade nas fases de ascenso ós tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta de deporte Federado, potenciando sinerxías no ámbito social e deportivo, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola actividade deportiva.
- A procura do impulso de proxectos de interese para a cidadanía.
- O impulso do compromiso da sociedade cos valores do deporte.
- A Colaboración co tecido asociativo deportivo da nosa cidade.
- A dinamización do deporte a través de proxectos de deporte de alto nivel.
- O financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas para a participación dos mellores equipos da cidade en fases de ascenso ós tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.19 “convocatoria de subvencións participación fases de ascenso” e a súa bolsa de vinculación, un crédito por un importe total de 90.000,00€ (Noventa mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de subvencionar os gastos extraordinarios que supón a participación nas fases de ascenso ós tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras  de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades deportivas obxecto da convocatoria e a súa condición de ser entidades sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno;así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

O desenvolvemento desta convocatoria considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven tanto na na cidade de Vigo como fora dela, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.
Os antecedentes que obran no servizo de deportes identifican claramente a repercusión e o retorno para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

A participación neste tipo de competicións, ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecen a oportunidade de mostrar a capacidade deportiva de Vigo, o que promoverá obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

O desenvolvemento desta proposta considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha convocatoria de subvencións orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**3. PROPOSTA**

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro pola participación en fases de ascenso ós tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por un importe máximo de 90.000,00€(Noventa mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800019 e a súa bolsa de vinculación do orzamento da Concellería de deportes do ano 2026.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO POLA PARTICIPACIÓN EN FASES DE ASCENSO ÓS TRES PRIMEIROS NIVEIS DE COMPETICIÓN DE ÁMBITO NACIONAL EN CATEGORÍA ABSOLUTA.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas pola participación nas Fases de ascenso ás máximas categorías do deporte nacional en categoría absoluta, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 contemplan na aplicación orzamentaria 3410.480.00.19 “Convocatoria subvención participación Fases ascenso” e a súa bolsa de vinculación, o crédito necesario é por un importe total de 90.000,00€ (Noventa mil euros), crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a subvencionar os gastos vinculados coa participación de entidades da cidade de Vigo nas fases de ascenso ós tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións ás que se refiren as presentes bases é contribuír a fomentar a participación nas fases de ascenso a un dos tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta celebradas entre o 1 de xaneiro e o 15 de xullo de 2026.

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

- Canon ou cota federativa.
- Gastos Federativos.
- Gastos arbitrais.
- Gastos sanitarios (Derivados da celebración da fase de ascenso obxecto da convocatoria).
- Gastos de aloxamento.
- Gastos de transporte (viaxes delegacións, federativos, directivos, árbitros ou similares).
- Gastos de xestión da instalación e a competición (seguridade, xestión venda entradas...).

As subvencións teñen un carácter único entendéndose que o total da subvención é polos gastos xerados pola participación nas fases de ascenso á calquera dos tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta .

**TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

O crédito máximo destinado a estas subvencións será de 90.000,00€ (Noventa mil euros) que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 3410.480.00.19 e a súa bolsa de vinculación da Concellería de deportes.

Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

**CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións ou axudas tramitadas no Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria e/ou xa Subvencionado polo Concello de Vigo.

2.- As beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o dos gastos vinculados coa actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**QUINTA. - REQUISITOS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas:

Os clubs deportivos con sede social na cidade de Vigo que participen en fases de ascenso a calquera das tres máximas categorías do deporte nacional en categoría absoluta, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, estean integradas na federación deportiva correspondente e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Causas de exclusión:

2.1.-Quedan excluídos os seguintes tipos de entidades:

- As Entidades con ánimo de lucro.
- Os clubs e entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais, clubs profesionais, Administracións Públicas, centros escolares, Universidades e Fundacións.
- As entidades que reciban subvencións ou axudas do Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria.

2.2.- Quedarán excluídas as competicións de deporte non Federado.

3.- As entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

**SEXTA.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.**

Serán obrigas das entidades beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.
- Xustificar axeitadamente o cumprimento das obrigas incluídas nas bases da convocatoria.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada no caso de que a resolución da subvención se produza antes da competición.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**SÉTIMA.- TIPOS DE COMPETICIÓNS SUBVENCIONADAS E CRITERIOS DE BAREMACIÓN PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

1.- Tipo de competicións:

1.1.- Fases de ascenso: Criterios de inclusión:

- Só será subvencionable a participación en fases de ascenso á 3ª, 2ª o á 1ª categoría da modalidade en categoría absoluta.
- A competición deberá decidir o ascenso a unha categoría superior.
- Nos casos nos que a fase de ascenso se celebre en formato de ida e volta, ambas serán subvencionables e avaliaranse como dúas competicións (ida e volta) cos límites para cada caso.
- Nos casos nos que a fase de ascenso se celebre en dúas fases, previa e final, ambas serán subvencionables e avaliaranse como dúas competicións (1ª fase ou previa e 2ª fase ou final) cos límites para cada caso.
- A Fase de ascenso deberá vir precedida dunha competición previa en formato de liga regular (Por concentración no caso do atletismo) onde a posición obtida habilita a participación na fase de ascenso obxecto da solicitude de subvención e que permitirá, na seguinte tempada, participar nunha categoría ou nivel superior (1º, 2º ou 3º).

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS E LÍMITES.**

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior. Se o crédito dispoñible fora insuficiente, os importes das subvencións reduciranse proporcionalmente ata axustalo ó mesmo.

2.- Límites:

2.1.- Unha entidade poderá presentar como máximo unha solicitude de subvención por cada unha das subcategorías subvencionables.

2.2.- Os límites das subvencións por cada fase de ascenso será de:

| Categoría: Nivel da Competición | Subcategoría: Lugar de celebración | Importe máximo | % máximo a subvencionar |
|---|---|---|---|
| Ascenso á 1ª categoría | Vigo | 45.000,00 € | 80,00 % do orzamento de gastos |
| | Fora de Vigo | 8.000,00 € | 80,00 % do orzamento de gastos |
| Ascenso á 2ª categoría | Vigo | 12.000,00 € | 80,00 % do orzamento de gastos |
| | Fora de Vigo | 7.000,00 € | 80,00 % do orzamento de gastos |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

| | | | |
|---|---|---|---|
| Ascenso á 3ª categoría | Vigo | 10.000,00 € | 80,00 % do orzamento de gastos |
| | Fora de Vigo | 5.000,00 € | 80,00 % do orzamento de gastos |

No caso no que o importe total da convocatoria sexa insuficiente tras a valoración das solicitudes admitidas no procedemento, realizarase unha redución proporcional das subvencións inicialmente propostas para cada unha das entidades beneficiarias.

**NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

**DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Unha entidade poderá presentar unha solicitude de subvención por cada unha das fases de ascenso nas que participe os seus distintos equipos.

Todas as solicitudes, así coma as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que rematen os prazos outorgados para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

**DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.
2. Anexo I.2: Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos do proxecto
3. Anexo I.3: Declaración responsable.
4. Anexo I.4: Documento federativo que acredite axeitadamente a participación e/ou organización do proxecto obxecto da solicitude.
5. Proxecto completo de actividade.
6. Acreditación da composición da actual xunta directiva.
7. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.
8. Copia do CIF da entidade solicitante.
9. Certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a AEAT.

3.- De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultaranse o estado de débedas das entidades co Concello de Vigo. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitada no formulario e achegar o documento.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

**DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou emende a mesma no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán empregа-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

**DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo do servizo de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

O prazo máximo para la resolución da convocatoria será de nove meses (art. 23.4 Lei subvencións de Galicia) a contar dende ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Cumprido o prazo de resolución sen que se haxa e notificado a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de concesión da subvención.

A resolución notificarase electronicamente ás entidades solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As entidades beneficiarias deberán confirmar de forma expresa, no prazo de 10 días dende a recepción da notificación de resolución, a aceptación ou renuncia á subvención. No caso de non realizar dito trámite, a solicitude arquivarase de forma definitiva ao entenderse que o beneficiario renuncia á subvención.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación , se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

As entidades beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2026 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. “Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención as entidades beneficiarias deberán achegar electronicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo,** por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas ou documentos presentados como xustificación.
- Anexo II.2. Declaración responsable
- <u>Memoria de actuación xustificativa do cumprimento da competición subvencionada,</u> cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluiranse os datos referentes á competición, os resultados e clasificación final da competición, material gráfico,...).
- <u>Xustificantes acreditativos dos gastos subvencionados vinculados ó proxecto:</u>
  As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Ademais, as facturas deberán detallar no concepto o obxecto de forma clara, que permita asocialas ó obxecto da subvención.

- **<u>Importe xustificativo:</u>** Terase en conta como importe xustificativo a *<u>Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente</u>* que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
  - Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.
  - Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. A acreditación dos gastos

S.ord. 03/07/2026.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

**DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

**DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art. 31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

**5. Perda do dereito ao cobro:**

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación;

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**VIXÉSIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.**

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

**VIXÉSIMO SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como "Cidade do deporte".
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

- Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Participación en grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
- Promoción da cidade de Vigo e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte".

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que este proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2026, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dunha resolución que se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

**PROPOSTA**

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00€ á entidade Federación Galega de atletismo (CIF G15103500) pola organización das Series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo a través dunha resolución cuxas condicións, anexas no presente expediente, se someten a aprobación.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 15.000,00€ para subvencionar á Federación Galega de atletismo (CIF G15103500) polo desenvolvemento do proxecto deportivo Series municipais e Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo, segundo resulta da documentación do expediente nº 25754-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800017 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO**

CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO "SERIES MUNICIPAIS E G.P. CIDADE DE ATLETISMO" (Expte. 25754-333).

**I.-** O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo Series Municipais e Gran Premio Cidade de Vigo de atletismo 2026, que se celebrarán na cidade de Vigo entre os meses de maio e agosto.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**II.-** O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

**III.-** Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

**IV.-** O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**V.** A entidade Federación Galega de Atletismo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25754-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo das Series Municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo, se establecen os seguintes compromisos:

**COMPROMISOS**

**Primeiro.-** A entidade Federación Galega de Atletismo deberá:

1º.- Organizar as Series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo, nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.

3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades

5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.

6º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.

7º.-.En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder ó Federación Galega de Atletismo unha subvención pola organización das Series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo por importe de 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800017 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.**- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sexto.**- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Sétimo.**- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2026 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas n presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período comprendido entre o 01.01.26 e os 30 días posteriores á finalización do evento obxecto da subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

  En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

**Décimo cuarto.-** A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo quinto**.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao dis-

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

posto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**14(568).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE QUIRÓS. EXPTE. 25485/333.**

Visto o informe xurídico de data 12/06/2026 e 26/06/2026, e o informe de fiscalización do 26/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/06/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

**I.- ANTECEDENTES:**

**1.-** O Concello de Vigo é titular de instalacións deportivas na cidade de Vigo, nas que coordina e dinamiza a práctica deportiva nas súas diferentes manifestacións co obxectivo principal de fomentar a práctica deportiva en todos os ámbitos e orientada ós diferentes perfís de deportista.

Estas instalacións municipais están dotadas dos equipamentos necesarios para o desenvolvemento das diferentes modalidades, aínda que a evolución da práctica e a alta demanda provocan a necesidade de reavaliar necesidades e reacondicionar determinados espazos co obxectivo básico de optimizalos permitindo a práctica nas mellores condicións.

**2.-** En virtude do anterior, para a realización desta actuación, en data 24.03.26 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo Xefe do servizo de deportes, ao abeiro do cal, o día 24.03.26, o concelleiro de área de Goberno de Fomento, servizos e deportes acordou o inicio do expediente de contratación.

**3.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- **a)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo xefe do servizo de deportes o día 24.03.26, onde se indican as finalidades institucionais competencia da administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da área de fomento, servizos e deportes o día 24.03.26.
- c) Prego de prescricións Técnicas asinado polo Xefe do servizo de deportes o día 28.03.26.
- d) Memoria económica asinada polo xefe do servizo de deportes o día 28.04.26.
- e) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 09.04.26.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo xefe do servizo de deportes e asinada o día 28.04.26.
- **g)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do servizo de Contratación e a Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación do día 05.06.26.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (Artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición adicional 2ª.4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do Contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4.f), a clasificación



Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa non división por lotes (artigo 116.4.g) da LCSP, as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular de asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

**III.- PROPOSTA:**
Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES (6 CANASTRAS) PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE QUIRÓS**, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de "SESENTA E NOVE MIL CENTO QUINCE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS" (69.115,20€).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe do Servicio de deportes do día 28.04.26.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e a Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación do día 05.06.26.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 3420.6290000 "Equipamento deportivo das instalacións".

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 2116/1102

**15(569).- AUTORIZAR A ASISTENCIA COMO REPRESENTANTE MUNICIPAL DA DELEGACIÓN DA CIDADE DE VIGO NOS XVI XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO. EXPTE. 8255/611.**

Visto o informe de fiscalización de data 26/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do xefe de Servizo de data 18/06/2026, asinado polo adxunto á xefatura o Servizo de Deportes-director técnico, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Atendendo a participación da Cidade de Vigo nos XVI Xogos do Eixo Atlántico na cidade de Santiago de Compostela, expd. 7835-611, cunha delegación de 47 persoas entre deportistas e responsables técnicos, nas modalidades Baloncesto Feminino, Balonmán Femenino e Voleibol feminino dende o día 5 de xullo ao 10 Xullo, ambos inclusive, Dn. José Ángel Lago Filgueira, membro do Grupo de Traballo técnico dos Xogos do Eixo Atlántico, e ADXS Director técnico do servizo de Deportes do Concello de Vigo representará a cidade de Vigo, como responsable da delegación municipal, asumindo a responsabilidade da mesma durante o desenvolvemento dos Xogos e nos traslados da delegación da cidade de Vigo a Santiago de Compostela e viceversa.
O responsable municipal e o interlocutor válido do Concello de Vigo, designado polo Concelleiro de Deportes, diante da organización dos Xogos, tendo facultade para mediar e realizar as xestións sobre calquera incidencia da delegación, no transcurso da competición e asistencia as reunións diarias coa organización. Así mesmo forma parta como vogal do comité organizador.

Atendendo ao exposto proponse A Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

**Primeiro:** Autorizar a asistencia como representante municipal da delegación da Cidade de Vigo nos XVI Xogos do Eixo atlántico, que se celebrarán na cidade de Santiago de Compostela dende o día 5 de xullo ata o 10 de xullo, ambos inclusive, ao ADXS Director técnico do servizo de Deportes do Concello de Vigo, José Ángel Lago Filgueira con DNI 36081041K así como a tramitación posterior das axudas de custo de desprazamento, gastos de locomoción.

**Segundo:** Autorizar o uso do vehículo particular para os desprazamentos durante o período de desenvolvemento dos XVI Xogos do Eixo Atlántico na Cidade de Santiago de Compostela do 5 ao 10 de xullo, ambos inclusive.

**Terceiro**: Autorizar as axudas de custo correspondentes aos desprazamentos con cargo a partida orzamentaria 3420 2312000 gastos de locomoción persoal por importe de 450 €, a favor do ADXS director técnico do servizo de deportes José Ángel Lago Filgueira con DNI 36081041K.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

**16(570).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, COPATRONAIS, GASTRONÓMICAS, FESTIVAIS FOLCLÓRICOS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS: 2025-2026. EXPTE. 280/1061.**

Visto o informe de fiscalización de data 29/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/06/2026, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a secretaria de Administración municipal e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 12 de xuño de 2026 o Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu que se iniciase o expediente para a convocatoria das bases reguladoras das subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e actividades socioculturais- período 2025-2026, asinando con data 23 de xuño de 2026 o extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo entre o 1 de novembro do ano 2025 ata o 31 de outubro do ano 2026.

A concesión de subvencións do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para festas tradicionais, patronais, copatronais e gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 460.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio. No apartado 5º "Custes previsibles e fontes de financiamento" do PES (Plan Estratéxico de Subvencións) para o ano 2024-2026, a cantidade prevista para o ano 2026 é de 400.000 euros. Polo anteriormente exposto, debe indicarse que esta subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024- 2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 e está prevista nominativamente no orzamento municipal de 2026, só modifica o importe proposto no Plan, manténdose sen cambios tanto o seu obxecto como o resto dos compoñentes da mesma.

O ámbito temporal dos programa de actividades e gastos a subvencionar é dende o 1 de novembro de 2025 ata o 31 de outubro do presente ano 2026. As actividades realizadas no mes de novembro e decembro do ano 2026 incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal efecto redactáronse polo servizo de Festas Especiais a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no SNPS; e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

A concesión das subvencións para a liña 1 realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos conceptos subvencionables 1.1), 1.2), 1.3), 1.4) e 1.5) da convocatoria que se lles aplicará unha cantidade fixa respectivamente: Festas de especial interese celebradas no ámbito urbano 38.000 €; Festas patronais e copatronais en barrios e parroquias 18.000 €, 12.000 € ou 4.000 €, en función do orzamento e antigüidade da festa; Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias 4.000 €, Festivais internacionais folclóricos 8.000 € e Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional doutras autonomías, 12.000 € ou 4.000 € en función do orzamento e antigüidade da festa.

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva para a liña 2.

Procederase en primeiro lugar á avaliación das solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2); 1.3) 1.4) e 1.5) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar correspondentes a liña 2 (programa 2.1 e 2.2) mediante a avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme ao establecido na base sétima – criterios de avaliación- das bases da convocatoria. A



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 460.000 € menos a suma do importe concedido aos conceptos a subvencionar 1.1); 1.2): 1.3) 1.4) e 1.5)) coa fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto a subvencionar será do 75% do importe do proxecto presentado (IVE incluído), e non excederá a cantidade de 3.000 €.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar os datos xustificativos a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Todas as festas tradicionais, patronais, copatronais e gastronómicas e desenvolvemento de actividades de ámbito sociocultural que se celebren, deberán dar cumprimento á lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.
De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da Convocatoria, Bases e Extracto das Subvencións para Festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e o desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen dende o 1 de novembro de 2025 ata o 31 de outubro do presente ano 2026 e con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei de Galicia 9/2007.
Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención Xeral que procedan, coa conformidade da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

**PROPOSTA**
"Primeiro.- Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e desenvolvemento de actividades socioculturais que se realicen entre o 1 de novembro de 2025 ata o 31 de outubro do ano 2026 na cidade de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

Segundo.- Que se autorice un gasto por un importe de 460.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) e á bolsa de vinculación correspondente do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ao abeiro da presente convocatoria."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(571).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12681/320.**
Visto o informe xurídico de data 22/06/2026 e o informe de fiscalización do 25/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 22/05/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral (Resolución 08/04/2026) e conformado polo concelleiro delegado e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión na sesión sesión ordinaria do 21 de xuño de 2024 adoptou o seguinte acordo, en EXPTE. 11206-320:

*"Adxudicar a o procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 80.952,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.049,66 euros.*
b) *Propón a redución do tempo de resposta ante incidencias:*
   - *Redución do tempo de resposta inferior a 72 horas, ante incidencias non consideradas graves que precisen a presenza de persoal técnico nos centros.*
   - *Redución do tempo de resposta inferior a 12 horas nas incidencias consideradas graves que precisen a presenza de persoal técnico nos centros.*
c) *Comprométese a incrementar a periodicidade das tarefas de mantemento preventivo semestral establecidas no punto 3.1 do PPT a una frecuencia trimestral, sen custo para a Administración:*
   - *Limpeza de cubertas, petos, canalóns, arquetas interiores e baixantes.*
   - *Limpeza de canaletas de recollida de auga exteriores en terrazas e patios.*
d) *Declara que coñece as instalacións obxecto deste contrato relacionadas na cláusula 2 do PPTP.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada"*

II. De acordo co establecido no contrato asinado en data 24/07/2024, o prazo do contrato é de dous anos, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, comprendendo desde o 25/07/2024 ata o 24/07/2026. Prevense dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

III. Con data 30/01/2026, a Concelleira de Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá resolveu autorizar o inicio da tramitación do expediente de PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO, a cal, de acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos, no apartado 4.C das FEC e demais documentación do contrato, tería unha duración de un (1) ano, durante o período comprendido entre o 25/07/2026 – 24/07/2027.

IV. A través da notificación co número de saída 38351-2026-1 de 27/02/2026, recibida o 2/03/2026, se comunicou ao adxudicatario o preaviso de execución da 1ª prórroga do contrato durante o período comprendido entre o 24/07/2026 –25/07/2027.

**<u>FUNDAMENTOS DE DEREITO</u>**

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, a prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

II. Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

III. No apartado 4.C das FEC e no apartado 4 da memoria xustificativa se prevén dúas (2) prórrogas de un (1) ano de duración, sendo o prazo de duración do contrato de 2 anos (apartado 4.A das FEC).

IV. Na actualidade o servizo obxecto deste contrato se está a desenvolver conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

V. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

VI. Debido á necesidade de garantir o correcto funcionamento das instalacións municipais dos Centros municipais de distrito dependentes da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, dentro das competencias propias previstas no artigo 25.2. letras d) (equipamentos da súa titularidade) e ñ) (promoción da participación dos cidadás no uso eficiente e sostible das novas tecnoloxías da información e das comunicacións) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Localdado que o servizo de Participación Cidadá non dispón de persoal nin dos medios materiais necesarios, é preciso manter a contratación deste servizo, tal e como se recolle no informe de necesidade de 30/01/2026.

VII. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- *"En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

*a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."*

VIII. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos é a Xunta de Goberno Local.

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, resolución de atribucións de competencias de 20 de xuño de 2023, e resolución de modificación de delegación de competencias do 25 de setembro de 2025) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do PCAP, nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato e no apartado 4 da memoria xustificativa, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe da xefatura do servizo e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

**PRIMEIRO.-** Autoriza-la a prórroga de **UN ANO**, para o período comprendido entre o 25/07/2026 ó 24/07/2027, do contrato para a prestación do servizo do SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO, (expte. 11206-320), do que é actual adxudicataria CLECE FS, S.L. por acordo na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 21 de xuño de 2024.

A prórroga do contrato, terá un importe de 40.476,39 € euros, dos que 17.539,76 € corresponden ao orzamento do 2026 e 22.936,63 € € corresponden ao orzamento do ano 2027, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2120000 REPARACIÓN E MANTEMENTO EDIF. E EQUIPAMENTOS, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertadas no contrato.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**SEGUNDO.-** Autorizar e comprometer o gasto da 1ª prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais polo importe de 40.476,39 € euros, dos que 17.539,76 € corresponden ao orzamento do 2026 e 22.936,63 € € corresponden ao orzamento do ano 2027, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2120000 REPARACIÓN E MANTEMENTO EDIF. E EQUIPAMENTOS

**TERCEIRO**: Notificar a presente resolución á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra a mesma poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(572).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS. EXPTE. 12768/320.**

Visto o informe de fiscalización do 26/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/06/2026, asinado pola técnica de Administración xeral (Resolución de 08/04/2026) e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 28/04/2026, Dª Mª Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), achegou escritos (docs. 260103051, 260103034 e 260107821) os que solicita a tramitación dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2025-2026, a realizar entre o 1/10/2025 e o 30/09/2026.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dª Mª Cristina Lago Pérez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

III. A Fundación Igual Arte, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e as Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 28/05/2026.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 28/05/2026.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 28/05/2026.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 27/05/2026.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).

2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención para o exercicio en curso é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (01/10/25 - 30/09/26) | IMPORTE |
|---|---|
| Persoal de mantemento | 9.484,00 € |
| Calefacción | 3.000,00 € |
| Luz | 500,00 € |
| **TOTAL** | **12.984,00 €** |

| INGRESOS | IMPORTE |
|---|---|
| Recursos propios | 2.984,00 € |
| Subvención Concello | 10.000,00 € |
| **TOTAL** | **12.984,00 €** |

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

8. Certificación do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

a) Fundamentación, obxectivos e metas
b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
c) Lugar de realización
d) Medios de difusión, información e publicidade
e) Recursos humanos e materiais
f) Sistemas de avaliación, etc.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Fundación Igual Arte, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 851/03, segundo resolución da Alcaldía de data 05/06/2003.

V. O vixente exercicio orzamentario (2026) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2025, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 "*Convenio Fundación Igual Arte*", cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

VI. En data 27/05/2026 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e en data 27/05/2026 a Concelleira da Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá asinan a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 27/05/2026 da tesourería municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración Xeral, oor ausencia da xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución de data 08/04/2026 ), asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

***I. OBXECTO***

Este expediente ten por obxecto a tramitación dunha subvención prevista nominativamente nos vixentes orzamentos municipais á Fundación Igual Arte para o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre o 1 de outubro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa Fundación Igual Arte.

Segundo recolle o art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "Fundación Igual Arte", ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de activi-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

dades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✔ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✔ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✔ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✔ Favorecer a capacidade de interrelación descubrindo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✔ Concienciala sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✔ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✔ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✔ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Fundación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

***II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES***

Dunha parte, asinará o presente convenio a Concelleira da Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (Resolución da Alcaldía de data 25/09/2025).

Doutra parte, asinará o convenio Dª Mª Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF.- G36427524), con domicilio social na Rúa Palencia 34 de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 12768/320.

***III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA***

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e



Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conten co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

### *IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA*

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tri-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

butaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025) sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

### *V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO*

O importe do convenio de 20.000 € (a razón de 10.000 €/ano) imputarase con cargo á partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2026, que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2025.

A subvención prevista para o exercicio 2027 (en principio, 10.000,00 €/ano), estará condicionada ao cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento e ao mantemento desta liña de subvencións (*Liña 4.7- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc.”)* no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ao vixente PES 2024-2026.

A colaboración do Concello de Vigo concretase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola “*Fundación Igual Arte*” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

***VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA***

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2026-2027), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/25 e o 30/09/27, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

O carácter plurianual do convenio ven motivado na necesitade de garantir un marco estable que facilite o funcionamento e desenvolvemento das actividades de interese xeral e veciñal, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento ou por inexistencia sobrevida das razóns que o xustificaron, quedando a anualidade futura subordinada á exixtencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2027 e á inclusión da liña de axudas no PES 2027-2029.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación da anualidade 2026 remata o **30 de setembro de 2026,** e á correspondente á anualidade 2027, rematará **o 30 de setembro de 2027.**

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios. subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención ou-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

torgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

***VII. PUBLICIDADE***

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

***VIII. ÓRGANO COMPETENTE***

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

**IX. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da A Concelleira de Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá por Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto de **20.000 €,** a razón de 10.000 €/ano, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890012 denominada "*Convenio Fundación Igual Arte*", incluída no vixente orzamento municipal de 2026. A achega correspondente ao exercicio 2027, estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento e ao mantemento desta liña de subvencións (*Liña 4.7- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc.")* no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ao vixente PES 2024-2026.

**SEGUNDO.** - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Fundación Igual Arte*" (CIF.- G36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2027, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 20.000 € (10.000 euros/ano).

**TERCEIRO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte. 2116/1102

**19(573).- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA A COEDICIÓN, INVESTIGACIÓN, DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO, E SAÍDA AO PÚBLICO DA OBRA "CADERNOS DE PEREIRÓ". EXPTE. 13025/307.**

Visto o informe xurídico do 27/05/2026 e o informe de fiscalización do 18/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/06/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** No ano 1998 o Concello foi quen de editar un libro adicado ao cemiterio municipal de Pereiró que se titulou *A cidade dos mortos. Pereiró 1898-1998*, para conmemorar os 100 anos transcorridos dende a súa inauguración, data a partires da que o cemiterio foi acollendo obras da arquitectura funeraria inspiradas nos estilos dominantes en cada época ata actualidade, significándose hoxe, ao transitar polo mesmo, coma se fora un libro en pedra sobre historia local.

O planeamento municipal inclúe no seu catálogo cultural este espazo e lle adxudica a categoría de arquitectura relixiosa con nivel de protección estrutural.

Tendo en conta estes antecedentes, a concellería de Patrimonio Histórico co fin de continuar coa divulgación deste espazo patrimonio de todos, por medio de resolución de data 19.11.2025 previo contacto co COAG e co arquitecto e ilustrador Pablo Tomé Ferreiro quen, tras unha visita a Pereiró, acopiou documentación e fixo un bosquexo como proxecto para un libro que mistura textos con ilustracións da creación artística e arquitectónica daquel espazo, contratouno para a elaboración dun libro co material reunido e os bosquexos do ilustrador como continuación do que fora publicado no ano 1998.




S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

O citado libro posúe un indubidable interese arquitectónico, motivo polo cal o Concello de Vigo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) pretenden axuntar esforzos e colaborar na coedición, investigación e divulgación do patrimonio arquitectónico, e saída ao público da obra.

**II.-** O COAG é unha corporación de dereito público representativa dos intereses profesionais dos arquitectos, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
O Colexio de Arquitectos asume entre os seus fins estatutarios e legais a promoción da cultura, a divulgación do patrimonio arquitectónico e o fomento da arquitectura.
A Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 2 que os colexios profesionais que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, se rexen, no marco da lexislación básica estatal, pola presente Lei e as súas normas de desenvolvemento, as súas leis de creación e os seus Estatutos e Regulamentos de réxime interior.
O apartado primeiro do artigo 4 do Decreto 105/2016, de 21 de xullo, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia determina que o COAG relacionarase especialmente coa Administración local, a través dos entes que forman parte dela e o artigo 6 que representará á profesión de arquitecto e os seus intereses xerais ante os poderes públicos de Galicia e ante as restantes administracións, procurando os intereses profesionais e prestando a súa colaboración nas materias da súa competencia, para o que poderá celebrar convenios cos organismos respectivos.

Como queira que o libro indicado no antecedente anterior posúe un indubidable interese arquitectónico, (arquitectura funeraria) o Concello de Vigo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) pretenden axuntar esforzos e colaborar na coedición, investigación e divulgación do patrimonio arquitectónico, edición física e saída ao público da obra.

Trátase de axuntar esforzos (financeiros, humanos e técnicos) para divulgar un coñecemento que interesa a tanto ao Concello de Vigo coma ao COAG, o cal asume a súa participación neste proxecto cun fin estritamente institucional e cultural, sen ánimo de lucro, coa única finalidade de dar a coñecer a obra e resarcirse dos gastos materiais e de xestión nos que deba incorrer

**III.**-Preténdese a través do instrumento axeitado (convenio), detallar os compromisos e condicións de colaboración entre o Concello de Vigo e o COAG para levar a cabo a coedición, investigación e divulgación do patrimonio arquitectónico, edición física e saída ao público da obra "Cadernos de Pereiró.Vidas dun cemiterio”

**IV.-** En data 21.04.2026, a Concellería delegada da Área de goberno de Cultura incoa expediente para formalizar un acordo entre o COAG e o Concello de Vigo a través da sinatura dun convenio cuxo obxecto é regular as condicións de colaboración entre o Concello de Vi-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

go e o COAG para levar a cabo a edición, impresión e comercialización do libro "Cadernos de Pereiró. Vidas dun cemiterio", autor Pablo Tomé Ferreiro

**VI.- E**n data 13.05.2026 elabórase memoria xustificativa, na que consta aos efectos do disposto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, análise da necesidade e oportunidade do convenio, o seu su impacto económico, o carácter no contractual da actividade así como o cumprimento do previsto na citada norma.

**VI.-** Financiamento do convenio: O importe do convenio deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3360.2270601 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS do orzamento municipal para o ano 2026.

Así as cousas, partindo do interese público do obxecto do contrato, por parte da Concellería da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, e para o caso de que a Xunta de Goberno Local ratifique a apreciación do dito interese público, formúlase a esta a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Colexio oficial de arquitectos de Galicia para a CADERNOS DE PEREIRÓ", que de seguido se transcribe como ANEXO.

Segundo.- Autorizar o gasto por importe de CATORCE MIL NOVENCENTOS CATRO EUROS, (14.904 €) mais o IVE do 4%, esto é, CINCO CENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (596,16€) sendo un total de **QUINCE MIL CINCOCENTOS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS, (15.500,16 €)),** con cargo á aplicación orzamentaria 3360.2270601 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS do orzamento municipal para o ano 2026 ou bolsa de vinculación, o que non afectará a outras accións deste sevizo

Terceiro A achega económica do Concello de Vigo prevista no convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da formalización do convenio.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

ANEXO

BORRADOR DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, PARA A COEDICIÓN, INVESTIGACIÓN, DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO, E SAÍDA AO PÚBLICO DA OBRA "CADERNOS DE PEREIRÓ" DE AUTORÍA DO ARQUITECTO D. PABLO TOMÉ FERREIRO.

lugar a data da firma electrónica

**R E U N I D O S**

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, actuando en calidade de alcalde da cidade de Vigo nomeado na sesión constitutiva do Pleno de data 17 de xuño de 2023, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local e polo artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra, Manuel Martínez Carazo, actuando en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con CIF Q-1575005-B, na súa condición de Presidente da delegación en Vigo.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a firma do presente convenio e a estes efectos,

**E X P O Ñ E N**

**I.**- O Concello de Vigo encargou ao arquitecto D. Pablo Tomé Ferreiro, mediante contrato menor privado de servizos, a elaboración da maqueta do libro "Cadernos de Pereiró. Vidas dun cemiterio". En virtude do citado contrato, o Concello de Vigo ostenta na actualidade a plena titularidade dos dereitos de explotación sobre o mesmo.

**II.**- O Colexio de Arquitectos asume entre os seus fins estatutarios e legais a promoción da cultura, a divulgación do patrimonio arquitectónico e o fomento da arquitectura.
O citado libro posúe un indubidable interese arquitectónico, motivo polo cal o Concello de Vigo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) pretenden axuntar esforzos e colaborar na coedición, investigación e divulgación do patrimonio arquitectónico, edición física e saída ao público da obra.

**III**. Que o COAG asume a súa participación neste proxecto cun fin estritamente institucional e cultural, sen ánimo de lucro, coa única finalidade de dar a coñecer a obra e resarcirse dos gastos materiais e de xestión nos que deba incorrer.

**IV.-** Neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública debido ás singulares características do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia,

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

pola súa representatividade na colaboración coas administracións nas materias da súa competencia. Sendo a Arquitectura un ben de interese xeral e, polo tanto, de interese público, e considerando as competencias dos Colexios Profesionais de Arquitectos na materia, e polo tanto do COAG, a Arquitectura constitúe un ámbito especialmente apropiado para a colaboración entre os Colexios de Arquitectos e as Administracións Públicas para a realización de actuacións de interese común que son, así mesmo, de interese público.

Ao amparo de todo o exposto, no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes outorgan o presente convenio de colaboración con base ás seguintes:

## C L Á U S U L A S

**PRIMEIRA. Obxecto**
O obxecto do presente convenio é regular as condicións de colaboración entre o Concello de Vigo e o COAG para levar a cabo a coedición, investigación e divulgación do patrimonio arquitectónico, edición física e saída ao público da obra "Cadernos de Pereiró. Vidas dun cemiterio”.

**SEGUNDA.-Especificacións da Edición**
O número total de exemplares da primeira tirada da publicación do libro "Cadernos de Pereiró. Vidas dun cemiterio”, repartiranse da seguinte forma:

2 900 exemplares para o Concello.
3 90 exemplares para o COAG.
4 10 exemplares para o autor.

Para garantir o estándar de calidade da obra institucional, o COAG comprométese a que a impresión e manufactura física do libro axústese estritamente ás especificacións técnicas previstas no presuposto anexo Nº 1628-25 emitido por GRAFICAS LASA, S.L con data 20 de maio de 2026, que se identifica como ANEXO I deste convenio e asinado o 12 de xuño de 2026.

Calquera cambio nas especificacións técnicas deberá ser aprobado pola comisión de seguimento prevista na cláusula décimoterceira, coas limitacIóns de autorización e disposición de gasto das administracións públicas.

**TERCEIRA.- Obrigas do COAG.**
Para o cumprimento do obxecto do contrato, o COAG asume expresamente a prestación dos seguintes servizos:

- Revisión técnica dos traballos
- Disfusión técnica: organización dun acto de presentación da obra na sé colexial
- Xestión Editorial: Proporcionar e asignar á obra un número de ISBN baixo o seu selo ou xestión editorial.
- Impresión: Encargar, coordinar e xestionar o proceso de manufactura e impresión da tirada inicial de acordo coas especificacións recollidas na Cláusula Primeira.

S.ord. 03/07/2026.

- Facerse cargo dos datos de edición de 100 exemplares da publicación, os 90 que serán para o COAG e os 10 que serán para o autor.
- O COAG comprométese igualmente a iniciar a comercialización da obra no menor tempo posible tras a recepción dos exemplares impresos. O COAG resérvase o dereito para proceder a venda dos seus exemplares nas condicións establecidas na Cláusula Sétima.

**CUARTA.- Obrigas do Concello de Vigo.**
O Concello deberá aboar o importe dos gastos de edición e a impresión de 900 exemplares do libro, esto é CATORCE MIL NOVENCENTOS CATRO EUROS, (14.904 €) mais o IVE do 4%, esto é, CINCO CENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (596,16€) sendo un total de QUINCE MIL CINCOCENTOS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS, (15.500,16 €)), con cargo á aplicación orzamentaria 3360.2270601 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS do orzamento municipal para o ano 2026, ou bolsa de vinculación, o que non afectará a outras accións deste sevizo.

**QUINTA.- Prazo de Execución e Entrega**
O prazo máximo para a finalización dos traballos de edición, impresión e a entrega física dos exemplares institucionais ao Concello de Vigo será o 15 de decembro de 2026.

**SESTA.- Réxime Económico e Financiamento da Edición**
Para sufragar os gastos derivados da edición e impresión da tirada inicial estipulada na Cláusula Segunda, as partes acordan o seguinte sistema de abono e resarcimiento:

- Abono por parte do Concello: O Concello de Vigo abonará ao COAG o custo estrito de imprenta e produción correspondente dos exemplares que reciba para o seu uso institucional, cuxa cantidade se detalla nas Cláusulas Segunda e Sétima.
  Este pago realizarase tras a entrega dos libros e a presentación da correspondente factura da imprenta (GRAFICAS LASA, S.L.)
- Resarcimiento por parte do COAG: O COAG asumirá e adiantará os custos de imprenta e xestión do resto da edición destinada ao público. O COAG resarcirase destes gastos materiais, de distribución e de xestión do ISBN única e exclusivamente a través dos ingresos que obteña pola comercialización dos devanditos exemplares.

**SÉTIMA.- Comercialización a Prezo de Custo e Ausencia de Lucro**
Habida conta do carácter institucional do proxecto, establécese como condición esencial que o COAG non obterá rendemento económico comercial algún derivado da explotación deste libro.

A tales efectos, o COAG obrígase a comercializar a obra a un prezo de custo que permita ao COAG o resarcimiento dos gastos reais asumidos para a parte da tirada destinada á venda, sen xerar lucro comercial algún. En todo caso o prezo de venda final será determinado pola comisión seguimento.

O Concello deberá aportar o importe de 14.904 euros (máis o IVE correspodente) para abonar os gastos de edición e a impresión de 900 exemplares do libro.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**OCTAVA.- Propiedade Intelectual e Titularidade de Dereitos** O Concello de Vigo ostenta a titularidade orixinaria e exclusiva de todos os dereitos de explotación sobre a obra orixinal. A participación do COAG no proceso de edición, dotación de ISBN e impresión non lle outorga ningún dereito de propiedade intelectual sobre o contido, o deseño nin a maquetación da obra.

O COAG garante a indemnidad do Concello ante calquera reclamación de terceiros que puidese derivarse de defectos na xestión da edición física ou na distribución da mesma.

**NOVENA.- Prohibición de Modificación e Transformación**
Queda expresamente prohibida calquera revisión, corrección, alteración, tradución, transformación ou adaptación da obra orixinal, total ou parcial, por parte do COAG ou da imprenta encargada, sen a previa, expresa e escrita autorización do titular dos dereitos, o Concello de Vigo.

**DÉCIMA.- Restricións á Reimpresión e Reedición**
A facultade outorgada ao COAG para imprimir e comercializar o libro limítase estritamente á tirada inicial acordada na Cláusula Segunda.

Queda expresamente prohibida calquera reedición ou reimpresión futura da obra sen contar coa autorización previa, expresa e por escrito do Concello de Vigo. No caso de que o Concello autorice futuras reimpresiones, o COAG quedará suxeito inexcusablemente á mesma limitación establecida na cláusula Sétima, debendo vender os novos exemplares a un PVP que garanta unicamente o resarcimiento dos custos da nova tirada.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- Entrega Institucional**
Dentro do prazo estipulado na Cláusula Quinta, o COAG entregará na sede do Concello de Vigo a cantidade de 900 exemplares da tirada inicial para cubrir as necesidades institucionais, de arquivo e de protocolo do propio Concello. Como se estipula na Cláusula Cuarta, o Concello abonará o custo de produción correspondente a esta cantidade exacta de exemplares recepcionados.

**DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia**
O presente convenio entrará en vigor o día da súa firma e terá vixencia ata a finalización das actuacións nel previstas e en todo caso no prazo máximo de catro anos.

**DÉCIMO TERCEIRA .-Comisión de seguemento**
Para o seguimento da execución do presente convenio crearase unha Comisión Mixta que estará integrada por un representante de cada unha das partes asinantes deste convenio.
Serán funcions de dita Comisión de Seguimento:

- Determinar os cambeos que sexan oportunos nas especificacións técnicas da edicio
- Determinar o prezo final de venda ao público polo COAG.
- Facer o seguemento da execución do presente Convenio.
- Aclarar e resolver cantas dúbidas poidan exporse na interpretación e execución do presente Convenio.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

- Propoñer modificacións dos termos e condicións ou dos prazos de execución do presente Convenio.

**DÉCIMO CUARTA.- Causas de resolución.**

**a)** O incumprimento dalgunha cláusula do presente convenio faculta a calquera das partes asinantes para instar, por escrito e cun aviso previo mínimo dun mes, a resolución do mesmo.
**b)** O mutuo acordo entre as partes.

**DÉCIMO QUINTA.- Natureza.**

O presente convenio ten natureza administrativa. Toda controversia xurdida da interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución e execución do presente convenio, será resolta en primeira instancia de común acordo e mediante consulta ou negociación entre ambas as partes, a través da Comisión de Seguimento. En caso de non conseguir a súa resolución mediante a Comisión de Seguimento poderán ser sometidas á xurisdicción contencioso administrativa conforme a súa regulación, dado o carácter administrativo do presente Convenio.

**DÉCIMO SESTA.- Protección de datos**

As partes comprométense a cumprir, nos termos que sexa de aplicación, a normativa aplicable de Protección de Datos.

As partes autorizan a recollida e o tratamento dos datos persoais das persoas asinantes e das persoas de contacto coa finalidade de xestionar a relación convencional e favorecer a comunicación entre as partes, conservándose os datos durante todo o tempo en que subsista o presente Convenio e, aínda despois, ata que prescriban as eventuais responsabilidades derivadas dela. Os titulares dos datos poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición na dirección da sede social de cada parte e poderán interpoñer, en caso de vulneración de dereitos, unha reclamación ante a autoridade de control correspondente.

E para que conste, asinan o presente convenio, con efectos da data da última firma.

**20(574).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DA POLICÍA LOCAL NA CATEGORÍA DE OFICIAL: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024. EXPTE. 48851/220.**

Visto o informe de fiscalización do 29/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/06/2026, asinado polo técnico de Xestión, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**ANTECEDENTES**

**I**.- En data 30/05/2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

**II**.- Con data 06/05/2026 a AGASP remite comunicación ao Concello de Vigo (trámite 3 do Expt.-48851/220) o que indica:

"*En relación ao proceso selectivo convocado pola Orden do 24 de outubro de 2025 (DOG num 213 do 4 de novembro de 2025) do que ese Concello é partícipe,*

*COMUNICOLLE:*

***Primeiro****: Con data de 5 de maio de 2026 o Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo antes citado, de acordo co establecido na base 11.1 da dita convocatoria, remitiu á Academia Galega de Sewguridade Pública (en adiante, Agasp) a listaxe de persoas aprobadas no proceso selectivo de acceso, por promoción interna, na categoria de oficial en numero non superior ao de prazas convocadas, e unha listaxe de reserva , por orden decrecente de puntuación, na que figuran aquelas persoas que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por ontener unha puntuación inferior á da última persoa que ontivo praza.*
*Como resultado final do proceso selectivo, as persoas designadas para ocupar praza nese Concello son:*

| DNI | APELIDOS E NOME |
|---|---|
| ***1213** | Rodriguez Vila, O. |
| ***7047** | Pérez Diz, J.P. |

***Segundo****.- Que segundo os datos dos que dispón a Agasp as persoas designadas para ese Concello cumpren os requisitos para seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas na escala básica, categoría de oficial, do Corpo de Policía Local dese Concello, segundoa normativa aplicable e de acordo co convenio asinado no seu día.*

***Terceiro.-*** *O apartado 3 da base 11 da Orden que regula este proceso selectivo prevé a realización dun curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp, como requisito indis-*



Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

*pensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na escala básica, categoría de oficial, de conformidade co disposto no artigo 32.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policías locais, e nos artigos 32 e 56 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento desta Lei.*

*O curso selectivo de acceso a esta categoría será convocado por este organismo proximamente, e serán inscritas de xeito automático as persoas designadas nesta comunicación.*

(...)

**III.-** Con data 15/05/2026 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 89) a Resolución de 6 de maio de 2026 pola que se convoca un curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial, dos corpos de policía local.

**IV.-** Consta dilixencia de constancia de revisión da documentación presentada polas persoas interesadas, de data 10/06/2026 (tramite 23) onde se recolle (tenor literal):

**"O. Rodríguez Vila, con nº persoal 84990 (doc. 260143235, data 09/06/2026)**
Conforme ao solicitado, presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada, título bacharelato e celga (certificado de curso de linguaxe administrativa de nivel medio en liña -75h- expedido pola Secretaría Xeral da Lingua en data 22/11/2025).
**J. P. Pérez Diz, con nº persoal 81933 (doc. 260143000, 260142904, 260142977, data 08/06/2026)**
Conforme ao solicitado, presenta mediante o rexistro electrónico: DNI, declaración responsable asinada, título universitario de graduado en linguas estranxeiras e celga (certificado de curso de linguaxe administrativa de nivel superior en liña -75h- expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en data 23/01/2024).
Do que, salvo de erro ou omisión, e suxeito á verificación técnica, déixase constancia con carácter previo aos nomeamentos que procedan, para os estritos efectos do expediente administrativo de referencia".

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**I.- Normativa de aplicación**

**A**) -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

*el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública."* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**B***)* Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira.
O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente",* establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*
Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:
"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

a) Superación del proceso selectivo.

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria."

O artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia: "Adquisición da relación de servizo", no seu apartado e) prevé a toma de posesión dentro do plazo dun mes a partir da publicación do nomeamento ou dentro do plazo previsto na correspondente convocatoria do proceso selectivo"

*C)* No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policías locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.
De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.

**II.- Bases da convocatoria**

A base 11.2 da Orde de data 24 de octubre de 2025 (DOG num 213, do 04/11/2025) pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, dispón que:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

“***11.2. Nombramiento como personal funcionario en prácticas.*** *Una vez acreditada la posesión de los requisitos exigidos, e inmediatamente antes del comienzo del curso selectivo de formación, las personas aspirantes serán nombradas personal funcionario en prácticas en la categoría de oficial, mediante resolución de la correspondiente alcaldía, que se publicará en el Boletín Oficial de la provincia (BOP).*
*Las personas así nombradas permanecerán en dicha situación desde el comienzo del curso selectivo hasta que se produzca su nombramiento como persona funcionaria de carrera o su exclusión del proceso.*
*El curso selectivo de formación será convocado a través de resolución de la Dirección General de la Agasp en la que se indicará la fecha de inicio..*

*En caso de renuncia, fallecimiento, falta de justificación de los requisitos para el nombramiento, incapacidad absoluta sobrevenida o concurrencia de cualquier otra causa que impida el nombramiento de una persona aspirante como personal funcionario en prácticas o prive de eficacia el nombramiento ya realizado, el ayuntamiento comunicará esta circunstancia a la Dirección General de la Agasp, que sustituirá la persona afectada por la primera que figure en la lista de reserva, siempre con anterioridad al desarrollo del correspondiente curso selectivo de formación.”*

O apartado 11.3. relativo ao **curso selectivo de formación**: “*Las personas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico en la Agasp como requisito indispensable para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría de oficial, escala básica, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 33.2 de la Ley 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales, y en los artículos 32 y 56 del Decreto 15/2023, de 12 de enero, de desarrollo de esta ley.*

*El curso tendrá una duración de 250 horas lectivas y se desarrollará de manera semipresencial en la Agasp y consta de seis módulos: operativo, jurídico, técnico, administrativo, de comunicación y práctico.*
*Solo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hayan superado con anterioridad en la Agasp. En tal caso, serán nombradas directamente personal funcionario de carrera en la categoría de oficial.*

*En el caso de la no incorporación al curso o de abandono de este sin finalizarlo, salvo por causas excepcionales, se considerará que la persona aspirante no superó el proceso de acceso por promoción interna.*

*El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la Agasp, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos alcanzados en el proceso.*

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

*A los funcionarios y funcionarias en prácticas les será de aplicación el Reglamento de régimen interior de la Agasp publicado mediante Orden de 4 de febrero de 2009, de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, en el DOG núm. 30, de 12 de febrero, durante el curso de formación y el período de prácticas, y con carácter supletorio, cuando los hechos no constituyan falta en dicho reglamento, les serán de aplicación las normas del régimen disciplinario de la policía local de Galicia recogidas en la Ley 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales, y normativa de desarrollo.*

*La calificación del curso de formación y del período de prácticas quedará en suspenso ante la concurrencia sobrevenida de cualquier causa de exclusión hasta que no se resuelva el expediente que se incoe."*

O 06/05/2026 a AGASP remite comunicación ao Concello de Vigo indicando as persoas designadas para ocupar praza no Concello de Vigo de oficial en prácticas, que son as que figuran no antecedente terceiro de este informe a cal nos remitimos.

Por último, consta no expte Resolución de data 06/05/2026 pola que se convoca un curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos da policía local - DOG nº 89 de data 15/05/2026

**II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
b) La intervención formal de la ordenación del pago.
c) La intervención material del pago.
d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**III.- Órgano municipal competente.**
De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.
Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de resolución da Alcaldía de data 25/09/2025; e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025)

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO.**- Nomear, en base aos antecedentes e fundamentos de este informe, como persoal funcionario en prácticas na categoría de Oficial (OEP 2024), aos aspirantes seguintes*:*

| DNI | APELIDOS E NOME |
|---|---|
| ***1213** | Rodriguez Vila, O. |
| ***7047** | Pérez Diz, J.P. |

**SEGUNDO**.- Dispoñer que as persoas nomeadas como funcionarios en prácticas, deberán superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 11.3 da convocatoria (*Orden do 24 de outubro de 2025 (DOG num 213 do 4 de novembro de 2025)* como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de oficial, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso perdendo todos os dereitos alcanzados.

**TERCEIRO**.- Proceder á publicación na BOPPO e notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, xefatura de Policía local, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(575).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DE PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE LETRADO/A-ASESOR/A. EXPTE. 2101/1102.**

Visto o informe de fiscalización do 22/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/06/2026, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 14.07.2023, que modifica a Resolución de data 3.11.2022 e posterior rectificación de erros de data 10.11.2022, designouse puntualmente como instrutora á Secretaria de Goberno Local da Susana Gallardo Fariña, aos efectos do previsto nas incidencias con respecto as cales foi comunicada a abstención da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, en relación coa implementación das actuacións derivadas do Plan de Ordenación de Recursos Humanos para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados no Subgrupo A1 e A2 de titulación e tendentes á execución do fallo da Sentenza no 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo no 2 de Vigo no procedemento abreviado no 180/2020 (expte. 41058-220).

Segundo a relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo do ano 2025, publicada no BOP de Pontevedra núm. 237, do 11.12.2025 existen cinco postos de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico adscritos a Asesoría Xurídica dos cales tres se atopan vacantes as cales foron incluidas no informe de calendarización do ano 2026, relativa aos procedementos de provisión dos postos de traballo A1/A2 mediante libre designación e concurso especifico.

En data 22.01.2026 incoouse o procedemento de provisión de tres postos de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local.

En data 6.02.2026, trala instrución do procedemento, a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que, trala adxudicación de dous postos, declarou deserto un posto.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

En data 12.06.2026 a Xunta de Goberno Local, tralo acordo de adxudicación do posto de letrada/asesora e falta da toma de posesión dunha aspirante no prazo establecido, declarou vacante o posto de letrado-asesor (Ref Posto na RPT: 1110105).

A relación de postos de traballo 2026 establece que " *Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/ Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo".*

Neste senso a sentenza 67/2026 ditada en pocedemento abreviado 0000397 /2025 polo titular da Plaza nº2 da sección do contencioso- administrativo do Tribunal de Instancia Vigo dispoñe "*(...) la plasmación de esta posibilidad en la memoria justificativa del acta de negociación y en la RPT, deja clara dos ideas, una, que la regla general será que la provisión de esta clase de puestos, jefatura de servicio, se ofertará a empleados locales, sin perjuicio de que, en ocasiones, pueda abrirse a personal externo, extremo que se concretaría en la correspondiente convocatoria, como ha sido el caso"*

Trala tramitación dun primeiro proceso de provisión de tres postos de letrados/asesor ofertados a persoal propio do Concello de Vigo, procede, tras declarar deserto un posto, e vacante outro, incoar un novo procedemento de provisión de dous postos de traballo de letrados asesor aberto a persoal doutras administracións co fin de garantir a súa efectiva cobertura.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

**a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

**b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

**c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

**d)** Regulamentos e ordenanzas locais.

**e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-**
O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administracións públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A libre designación é un procedemento ordinario, que require que a relación de postos de traballo, tras a correspondente motivación por ser un acto discrecional, determine os postos de traballo a proveer por dito sistema.

A RPT vixente publicada no BOP de Pontevedra núm. 237, do 11.12.2025 contempla como sistema de provisión do posto de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico adscritos a Asesoría Xurídica Municipal a libre designación. Así mesmo consta a xustificación individualizada dosistema de provisión por libre designación na memoria elaborada con motivo da aprobación da RPT 2022 e a provisión de dito postos se atopa incluída no informe de calendarización de provisión dos postos de traballo para o ano 2026.

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

A libre designación do persoal funcionario de carreira, conleva a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

**SEGUNDO.- Do procedemento.-**
Consta no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico axustada ao establecido na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

**TERCEIRO.- Órgano competente.-**
O Órgano competente para a aprobación da bases e a súa convocatoria corresponde a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

**PRIMEIRO**.- Aprobar as Bases reguladoras transcritas no como Anexo I, para a provisión de dous postos de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico adscritos a Asesoría Xurídica mediante o sistema de libre designación.

**SEGUNDO.-** Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

**TERCEIRO.-** Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I.-**

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DE DOUS POSTOS DE LETRADO/A ASESOR/A XURÏDICO/A (EXPTE 2101-1102)

**Primeira.- Obxecto da Convocatoria**

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación de dous postos de traballo de letrado/ asesor/a xurídico/a adscritos a Asesoría Xurídica.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**Segunda.- Características do posto de traballo**

Os posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 237, do 11.12.2025 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Letrado/a-asesor/a xuridico/a
- Numero de postos: 2
- Servizo no que se adscribe: Asesoría xurídica
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 1110105
- Escala: Administración xeral/administración especial
- Subescala: Técnica/ Técnica Superior-
- Grupo: A. subgrupo: A1
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico anual: 21.255,50 euros
- Sistema de provisión: Libre designación

Funcións: A Asesoría Xurídica municipal é un órgano de existencia preceptiva nos municipios de gran poboación, que ten atribuída as funcións de asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento e xurídico e da representación e defensa en xuízo do Concello, consonte ao establecido no art. 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción vixente logo da modificación por Lei 57/2003 do 16 de decembro. En consecuencia, son funcións propias dos postos de "letrados/as-asesores/as xurídicas"

- A representación e defensa do Concello en xuízo, das súas resolucións e acordos, perante os distintos órganos xudiciais.

- O asesoramento xurídico atribuído á Asesoría xurídica municipal pola normativa vixente.

**Terceira.- Requisitos de participación**

Poderán concorrer a convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser persoal funcionario de carreira de calquera das Administracións Públicas pertencente ao grupo A subgrupo A1 da escala de Administración Xeral ou Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás da suspensión de funciones, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias

b)Titulación requirida.- licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente

Todos os requisitos deberán poseerse na data da finalización do plazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**Cuarta.-Presentación de solicitudes e documentación**

As solicitudes se dirixirán ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor
- Curriculum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos no rexistro electrónico do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro , de procedemento administrativo común, contados a partir del seguinte al de la publicación de esta convocatoria en el «Boletín Oficial del Estado».

**Quinta.- Resolución da convocatoria**

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo de dous mes contados dende a data de publicación en virtude do establecido no artigo 27.3 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

A persoa así nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

**Sexta.- Toma de posesión**

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

**Sétima.- Publicidade**

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

**Oitava.- Recursos**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso- administrativo do Tribunal de instancia de Vigo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a publicación do anuncio consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

**22(576).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2026. EXPTE. 6688/330.**

Visto o informe xurídico de data 02/06/2026 e o informe de fiscalización do 23/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 01/06/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 19 de maio do 2026, a Orquesta Clásica de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do programa de concertos con cargo ao orzamento 2026; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 60.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 do orzamento municipal vixente.

<u>ANTECEDENTES.-</u>

A **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e cinco anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos. Ademas sempre foi unha importante plataforma para a promoción da música e dos artistas locais.

<u>PROGRAMACIÓN DA TEMPORADA</u>

A programación constará de sete concertos e unha xornada de conferencias iniciándose a temporada en decembro de 2025 co Concerto Extraordinario de Nadal ata xuño de 2026, pechando as actividades co Día Europeo da música conforme ao programa que se achega a este expediente de subvención.

**Concerto 1: Concerto Extraordinario de Nadal**
Teatro Afundación de Vigo
Martes 30 de decembro ás 20:30h
**Concerto 2: Concerto benéfico de Reis**
Cine Teatro Salesianos, Vigo
Sábado 3 de Xaneiro ás 12:30h

**Concerto 3 :**
**Cinema orquestrado: A noite dos mortos ao vivo**
Cine Teatro Salesianos
Sábado 28 de febreiro ás 20:30h

**Concerto 4: Cuarteto para resonadores “Humanless”**
Igrexa de Sta Ma de Castrelos
Sábado 18 de abril ás 20:00h



Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**Concerto 5: Un pastor de cetro e lira: sinfonías e danzas da corte de Luís XV**
Concatedral de Staa Ma de Vigo
Sábado 11 de abril ás 21:00h

**Concerto 6: Mozart: Réquiem**
Teatro Afundación de Vigo
Sábado 16 de maio ás 20:30h

**Concerto 7: Día Europeo da Música 2026**
Emprazamento por definir
21 de xuño

**Ciclo de Conferencias na Biblioteca da Emao. As pegadas do Son**

A memoria económica que se achega ao expediente, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 85.196,60 € (ointenta e cinco mil cento noventa e seis euros con sesenta céntimos ), financiándose coas seguintes achegas:

– Concello de Vigo: 60.000 €
– Ingresos por taquilla: 25.196,60 €

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo, para a organización do programa de concertos da temporada 2026, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes or-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

zamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle un importe de 30.000 €; Neste exercicio 2026 está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, na aplicación *3340.480.00.04*, un importe, segundo a proposta, de 60.000 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: "*Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista para a Orquesta Clásica de Vigo para o financiamento do ciclo de concertos da temporada 2026, pasando dos 30.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 60.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención. O programa subvencionado segue sendo o mesmo: o financiamento do ciclo de concertos da entidade.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Orquesta Clásica de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo á "Orquesta Clásica de Vigo" ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos con cargo ao orzamento 2026, figurando na apli-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

cación **3340.480.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 60.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Orquesta Clásica de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 60.000 € (sesenta mil euros) á Orquesta Clásica de Vigo, CIF.* G36688422*, para o financiamento do programa de concertos con cargo ao orzamento 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340*.480.00.04 " ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO. PROGRAMA DE CONCERTOS*", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

**OBRIGAS DA ENTIDADE**

1.E de responsabilidade da Entidade :
- A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2.Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Barcia González , presidente da entidade

3.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

   **Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.**

   A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".

8. As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

9. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas ditas normativas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

**OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (60.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**
O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**
O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunica-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

ción utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1) Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2) Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    3) Memoria de prensa.
    4) Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    5) Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

- A conta xustificativa dos gastos presentarase segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo: https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=4443&lang=ga, coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, provedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.

- Os pagos en efectivo limítanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben **ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento,** pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo provedor, non aceptándose sen a sinatura do provedor.

- No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.

- Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, deberase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que corresponda.

-

Gastos subvencionables:
Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2026 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación e que teñan como data límite dous meses dende a última actividade subvencionada.

**Estos gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Servizo de Cultura. Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.**

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(577).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MIXTA DAS OBRAS E SUMINISTRO DO PROXECTO DE "REFORMA DA PRAZA FERNANDO ELORRIETA REY". EXPTE. 2441/441.**
Visto o informe xurídico de data 09/06/2026 e o informe de fiscalización do 22/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/06/2026, asinado pola

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas especiais, e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1.-** Por parte da Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais remítese o proxecto de "REFORMA DA PRAZA FERNANDO ELORRIETA REY", elaborado pola mercantil GEOURBAN INGENIERÍA AMBIENTAL Y URBANISMO S.L.

**2.-** Os concelleiros da Área de Fomento e Servizos e da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, a proposta da técnica de xestión - xefa do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e Servizos (Resolución da concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 19.01.2024) e do xefe do Servizo de Parques, Xardíns e Montes, os días 30 de xaneiro e 1 de febreiro de 2024 resolveron iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**3.-** Previo informe da Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal asinado o día 22.08.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado con data da ultima sinatura o día 26.08.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 29.08.2025, aprobou o proxecto de "REFORMA DA PRAZA FERNANDO ELORRIETA REY", asinado dixitalmente pola enxeñeira de montes e enxeñeira técnica agrícola, Dna. Mª del Carmen Martínez Santorio, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS SESENTA E DOUS MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (762.925,68 €), e sinatura dixital do día 21 de agosto de 2025. Expte. 6354-443.

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto da actuación obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 29.08.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6.354-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas reitor do contrato, asinado pola enxeñeira de montes e enxeñeira técnica agrícola, Dna. Mª del Carmen Martínez Santorio.
B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais do día 03.09.2025.
C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 03.09.2025.
D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o día 15.09.2025.
E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 12.05.2026.
F) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable o día 12.05.2026.

S.ord. 03/07/2026.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada o día 14.05.2026.

H) Informe do servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do servizo de Contratación o día 20.05.2026.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do servizo de Contratación o día 20.05.2026.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato mixto de obra e subministro. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación mixta da obra e subministro, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do proxecto de "REFORMA DA PRAZA FERNANDO ELORRIETA REY", asinado dixitalmente pola enxeñeira de montes e enxeñeira técnica agrícola, Dna. Mª del Carmen Martínez Santorio.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do servizo de Contratación o día 20.05.2026.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS SESENTA E DOUS MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (762.925,68 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 132.408,59 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1710.619.00.20 – proxecto de gasto 25171020, segundo a distribución de anualidades proposta.

| | |
|---|---|
| 2026 | 762.925,68 € |

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(578).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN "REFORMA DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA PLANTA SOTO -2 DO EDIFICIO DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 6931/443.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/06/2026, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración Xeral, o xefe de Área de Servizos Xerais e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos o día 30 de abril de 2024 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da mercantil NORTAP INGENIEROS, SL.

**II**.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de "REFORMA DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA PLANTA SOTO -2 DO EDIFICIO DO CONCELLO DE VIGO", redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

de licitación máis IVE de UN MILLÓN SEISCENTOS OITENTA E TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS con CATORCE CÉNTIMOS (1.683.894,14 €)

**III.-** O xefe da Área de Servizos Xerais o día 23.12.2025 informa que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 26.12.2025, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** O obxecto do proxecto é a renovación integral da instalación eléctrica na planta soto −2 do edificio municipal, para a súa adecuación normativa, mellora da seguridade, fiabilidade do subministro e preparación de fases futuras de reforma. O ámbito comprende actuacións sobre cadros, liñas, alumbrado, tomas, medición/monitorización, corrección de reactiva, ensaios e legalización, mantendo operativas as zonas non afectadas.

As obras contempladas no proxecto son as seguintes:

- Desmontase e retirada controlada do centro de transformación (CT) interior e elementos asociados (celdas, transformadores, baterías, cableados), liberando o local que pasa a uso eléctrico auxiliar. Inclúe acopio, xestión de residuos e limpeza.

- Cambio de situación do cadro xeneral de baixa asociado e desmontases complementarios (ventilación existente, batería/s de condensadores obsoletas, equipos de fontanería e a súa bancada).

- Execución de nova cabeceira mediante Cadro Xeneral de Baixa Tensión (CGBT) con entradas rede + grupo + SAI, PdC 50 kA, IP30, conforme ao IEC 61439.

- Instalación e/ou renovación de cadros secundarios:

  – Cadro rede+grupo S-2 (PdC 15 kA, IP40).
  – Cadro rede S-2 (PdC 10 kA, IP40).
  – Cadro de climatización (PdC 15 kA, IP40).
  – Cadro SAI (PdC 10 kA, IP40).
  – Cadro bombas de achique (PdC 10 kA, IP65, envolvente estanca).

  Todos eles con aparamenta segundo esquemas, marcado CE e ensaios de servizo.

- Medición e monitorización enerxética en cadros mediante sistema tipo PowerTag, con parametrización para lectura en tempo real de tensións, correntes, potencias e enerxías, integrable en supervisión enerxética.

- Corrección de potencia reactiva con cambio de baterías do equipo existente.

- Liñas, canalizacións e continuidade de servizo.

- Adaptación e reconexión de circuítos existentes ao novo CGBT mantendo o servizo a plantas superiores; inclusión de prolongacións/desprazamentos provisionais e definitivos onde proceda, con etiquetado e probas.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

- Canalizacións e pasos sectorizados: execución de selados cortafuegos EI-120 en pasos de bandexas e tubos, e collaríns intumescentes en tubaxes plásticas atravesando elementos separadores de sector.

- Alumbrado normal, de emerxencia e control.

- Substitución do alumbrado por luminarias LED estancas IP65 tipo 19, 35 e 47 W 4000 K en garaxe, salas técnicas e locais de apoio; montaxe, conexionado e probas incluídos.

- Instalación de downlights LED 9 12 18 y 25 W e paneis LED UGR19 34 W en zonas administrativas/vestíbulos do soto.

- Renovación do alumbrado de emerxencia coa súa alimentación e etiquetado.

- Detección de presencia para control de iluminación nas zonas indicadas (superficie/ empotrado), coa súa canalización e cableado LHZ conforme ao ITC BT.

- Tomas de corrente e servizos auxiliares.

- Renovación de tomas de corrente: bases tipo Schuko e tomas estancas IP55 en garaxe, salas técnicas e almacéns, cos seus puntos de alimentación e canalización libre de halóxenos.

- Soportes, obra civil auxiliar e condicións especiais.

- Montaxe de bancada/estrutura metálica modular para apoio de novos equiposeléctricos, con conexión equipotencial e fixación a lousa.

- Traballos auxiliares de albanelería asociados a ocos, regatas, reposicións e acabados.

- Adecuación de postas a terra, embarrados e sinalización/etiquetado en cadros e circuítos reformados.

- Se manteñen os subcadros e instalacións interiores de zonas non afectadas pola reforma; unicamente garántese a súa alimentación desde o novo CGBT. Non intervénse en redes interiores alleas ao ámbito do soto −2 salvo no necesario para reconexións e continuidade de servizo.

- Pintado de sala e adecuación das súas portas de acceso con elementos RF.

- Medición e comprobación da instalación de posta a terra existente, incluíndo a localización do punto de conexión dispoñible, a instalación de ponte de probas desmontable, a verificación de continuidade e resistencia de terra, e a execución das obras necesarias de reforzo ou dunha rede de terras alternativa en caso de que os valores obtidos non sexan válidos.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SEIS) 6 MESES.

**V.-** A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 23.06.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
É de aplicación o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (Publicado no B.O.P Nº 146, o 4 de Agosto de 2025 e no D.O.G. o 30 de Xuño de 2025). En vigor dende o 27 de Agosto de 2025.

O edificio encontrase en solo clasificado como urbano consolidado e calificado como equipamento administrativo. A edificación da Casa Consistorial na que localizase as obras encontrase no ámbito do Plan Especial de Protección do Casco Vello de Vigo.

As actuacións pretendidas son compatibles co ordenamento urbanístico vixente na zona.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*"*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de execución de **"REFORMA DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA PLANTA SOTO -2 DO EDIFICIO DO CONCELLO DE VIGO"**, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SEISCENTOS OITENTA E TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS con CATORCE CÉNTIMOS (1.683.894,14 €) e asinado dixitalmente o día 22 de xuño de 2026.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

.- Expediente de contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía Local. Expte. 712/2153.

.- Proxecto de “mellora das redes de servizos na rúa Cesáreo Vázquez 1ª fase (tramo entre nº 75 e nº 159). expte. 2601/441.

.- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto contra o acordo de exclusión do procedemento aberto do servizo de xestión da Escola Infantil municipal de Bembrive. Expte. 99420/332.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**25(579).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. Expte. 712/2153.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 26/06/2026 e o informe de fiscalización do 30/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/06/2026, asinado polo intendente da Policía Local, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- Con data 26 de maio de 2025, a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolve en conformidade e ordena a incoación do expediente de contratación (712-2153) para o subministro en réxime de arrendamento (renting) de 32 vehículos para a Policía Local, cunha duración prevista de 4 anos.

2.- O expediente de contratación intégrase polos seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade (26/05/2025).
- Memoria económica (25/05/2026).
- Certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente e documentos de RC (12/01/2026).

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

- Declaración do redactor do Prego de Prescricións Técnicas (17/04/2026).
- Prego de Prescricións Técnicas (22/06/2026).
- Memoria Xustificativa (25/05/2026).
- Informe do Servizo de Contratación (27/05/2026).
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (27/05/2026).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

Primeiro.- Sobre o inicio e tramitación do expediente, resultan de aplicación os artigos 116 e concordantes, así como as disposicións adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- A competencia para ordenar a incoación do expediente corresponde á Concelleira da Área, en virtude da delegación conferida pola Xunta de Goberno Local, conforme á última modificación do acordo adoptado por este órgano na data do 26 de setembro de 2025.

Terceiro.- A competencia para aprobar o expediente deriva da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Consta no expediente a existencia de crédito adecuado e suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 1320.204.0000 (renting vehículos da Policía Local).

En mérito de canto antecede, previo informe da Asesoría Xurídica e posterior fiscalización da Intervención Xeral, vense en propoñer á Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

**ACORDO**

**1º.**– Aprobar o expediente de contratación para o subministro en réxime de arrendamento (renting) de 32 vehículos para o servizo da Policía Local (expediente 712-2153), así como os seus Pregos de Prescricións Técnicas, de data 22/06/2026, e Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, de data 27/05/2026, cunha duración de 4 anos (2026–2030).

**2º.**– Aprobar o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.204.0000 (renting vehículos da Policía Local), polo importe máximo de licitación de 3.429.624,00 €, distribuído polas seguintes anualidades:

- **2026 (1 de outubro – 31 de decembro):** 214.351,00 €
- **2027:** 857.406,00 €
- **2028:** 857.406,00 €
- **2029:** 857.406,00 €
- **2030 (1 de xaneiro – 30 de setembro):** 643.055,00 €

**3º.**– Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación, que será aberto, de tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(580).- PROXECTO DE "MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1ª FASE (TRAMO ENTRE Nº 75 E Nº 159). Expte. 2601/441.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe proposta de data 02/07/2026, asinado polo técnico de Administración Xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Antecedentes**
**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada, abreviadamente "FCC Aqualia Vigo UTE", con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 04.12.2025 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria. O dito cadro foi aprobado pola XGL en data 10.04.2026.

**III.-** Con data 13 de abril de 2026 o Enxeñeiro Municipal, D. Xacobe Paz Salgado e o Xefe de Área de Servizos Xerais, D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **"MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1º FASE (TRAMO ENTRE Nº 75 E Nº 159)** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, por medio de Orde de Servizo de data 17 de abril de 2026, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 24 de abril de 2026 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **"MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1º FASE (TRAMO ENTRE Nº 75 E Nº 159) .**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

**IV.-** Con data 29 de xuño de 2026 Aqualia-FCC Vigo UTE" (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto de **"MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1º FASE (TRAMO ENTRE Nº 75 E Nº 159)** , redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dna. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación sen IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL DOUS CENTOS TRINTA E CINCO EUROS con SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.855.235,66 €), e asinado dixitalmente o día 18 de xuño de 2026.

**V.-** Con data 1 de xullo de 2026 a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 46.218,55 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 31.180,43 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | OSCAR PEREIRO TAIBO | 7.795,11 € |
| | SUMA | 85.194,09 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 9.371,35 € |
| Estudos xeotécnicos | GALAICONTROL | 5.199,30 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 99.764,74 € |

**VI.**- A Técnica Media de Obras Públicas, Dª María Francisca Arlandis Marra, con data 2 de xullo de 2026 emite informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.**- Con data 1 de xullo de 2026 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia, Coordinación de seguridade e saúde; e os honorarios correspondentes aos estudos xeotécnicos corresponden cos ratios aprobados na Xunta deGoberno Local de data 08 de marzo de 2013 (modificado polo acordo da Xunta de Goberno Local de 10.04.2026) dentro do procedemento de control das obras de investimentos da entidade concesionaria, e é adecuado ao coste do mercado actual.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

## Consideracións Técnicas e Xurídicas

**I.** Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a terceira prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013, e modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de abril de 2026.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de **"MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1º FASE (TRAMO ENTRE Nº 75 E Nº 159)**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dna. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

licitación sen IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL DOUS CENTOS TRINTA E CINCO EUROS con SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.855.235,66 €), e asinado dixitalmente o día 18 de xuño de 2026..

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de **"MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1º FASE (TRAMO ENTRE Nº 75 E Nº 159)** por un importe de 99.764,74 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 46.218,55 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 31.180,43 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | OSCAR PEREIRO TAIBO | 7.795,11 € |
| | SUMA | 85.194,09 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 9.371,35 € |
| Estudos xeotécnicos | GALAICONTROL | 5.199,30 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 99.764,74 € |

**Terceiro.-** Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.
Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(581).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE EXCLUSIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BEMBRIVE. Expte. 99420/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o infome proposta de data 2/07/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de "Bembrive" (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de "Bembrive" (PPT).

**ANTECEDENTES**

Dª. Blanca de Benito Arranz, en nome e representación da mercantil KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.L., (en adiante, KOALA ou o recorrente), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, TACGAL ou o tribunal) de 1 de xullo de 2026, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de contratación do Concello de Vigo, 12 de xuño de 2026, de exclusión do recorrente do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de "Bembrive".

É preciso comezar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste procedemento de licitación:

**Primeiro.-** En data 27 de febreiro de 2026, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de xestión da escola infantil municipal de "Bembrive", así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 5 de marzo de 2026 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 10 de abril as 23.59.

**Terceiro.-** Presentaron oferta en prazo os seguintes licitadores:

1. COLEGIO LOS MILAGROS, SL
2. KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SAU

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación do Concello de Vigo (en adiante, a Mesa), na súa sesión do 16 de abril de 2026, acordou admitir a todos os licitadores, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. A continuación procedeu a apertura do sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**Quinto.-** Na sesión da Mesa do 14 de maio de 2026, entrégase o informe asinado pola xefa do servizo de Educación o 5 de maio de 2026 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", o cal é aceptado polo Mesa. A continuación procedeuse, en acto público, a apertura do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" e acordouse solicitar informe do mesmo ao servizo xestor.

**Sexto.-** A Mesa, na sesión de 21 de maio de 2026, aceptou o informe de valoración do sobre C asinado pola xefa do servizo de Educación o 15 de maio, e formulou proposta de clasificación a concelleira delegada da área de Contratación.

**Sétimo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 6 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

> "*Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| ***1*** | ***KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL*** | ***98,00*** |
| *2* | *COLEGIO LOS MILAGROS, SL* | *77,72* |

> *Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*
>
> 1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
> 2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o día 22 do mesmo mes e ano.

**Oitavo.-** Dentro do prazo concedido, KOALA presentou a documentación requirida. A Mesa, na sesión de 12 de xuño de 2026, unha vez cualificada a mesma, constata que carece de Plan de Igualdade vixente debidamente inscrito no Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos, Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade, xa que o Plan que figura inscrito finalizou a súa vixencia o 17 de xaneiro de 2026 tal e como se desprende do propio rexistro e de escrito presentado pola propia licitadora. Á vista desta circunstancia, acorda "*entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa da obriga de contar cun plan de igualdade debidamente inscrito no rexistro correspondente (artículo 71.1.d)), en consecuencia, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o mesmo día. COLEGIO LOS MILAGROS, SL, presenta a documentación dentro do prazo concedido ao efecto, e a Mesa, na sesión

**Noveno.-** A Mesa, na sesión do 25 de xuño de 2026, acordou formular proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

**Décimo.-** En data 1 de xullo de 2026 KOALA interpón o recurso especial. O recurso foi admitido a trámite polo TACGAL, solicitándose o correspondente informe ao órgano de contratación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**-I-**

### Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo da Mesa de Contratación de exclusión do recorrente do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de "Bembrive"(expediente 99420-332).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

## -II-

## Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.

- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

## -III-

## Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.

- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.

- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.

- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), pudendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

## -IV-

## Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

c) Os acordos de adxudicación.

d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

e) A formalización de encargas a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.

f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, o acordo de exclusión é un acto de trámite cualificado, que impide ao licitador continuar no procedemento, e en consecuencia, subsumible no artigo 44.2.b da LCSP, como acto susceptible de recurso.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador. En consecuencia, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

**C)** Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.

b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.

c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.

d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.

e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

dous  últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente  no Rexistro Xeral do TACGAL.

**D)** Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

a) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).

b) Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 1 de xullo de 2026. Dado que o acordo de exclusión foi notificado ao recorrente o día 12 de xuño, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

**-V-**

**Motivos de impugnación da resolución recorrida**

KOALA impugna a súa exclusión deste procedemento por non contar cun plan de igualdade vixente, tal e como se deriva do artigo 71.1 da LCSP que o recolle como prohibición de contratar, por un único motivo: que está administración non lle puxo de manifesto a existencia dunha prohibición de contratar para que puidese aplicar medidas de self-cleaning (medidas correctoras), posibilidade recollida no artigo 72.5 da LCSP e na xurisprudencia comunitaria (Sentenza do TXUE de 14 de xaneiro de 2021, Asunto C-387/19), e adoptada polos nosos tribunais administrativos especiais de resolución de recursos contractuais. Cita en apoio da súa tese a resolución do TACGAL denº 41/2026, de 20 de febreiro.

A xuízo desta informante o artigo 71.1.d) da LCSP é categórico e non deixa marxe de discrecionalidade á Administración: as empresas de 50 ou máis traballadores teñen a obriga de contar cun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, e este debe estar inscrito no Rexistro laboral correspondente (no caso do recorrente, o REGISTRO Y DEPÓSITO DE CONVENIOS COLECTIVOS, ACUERDOS

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

COLECTIVOS DE TRABAJO Y PLANES DE IGUALDAD do Ministerio de Traballo e Economía Social - REGCON).

A falta dun plan vixente e inscrito non é un mero defecto formal subsanable, senón unha causa material e automática de prohibición de contratar. O Plan de Igualdade de KOALA estaba caducado desde o 17 de xaneiro de 2026, é dicir, caducou con carácter previo ao remate do prazo de presentación de ofertas nesta licitación, 10 de abril as 23.59.

É indubitable a obriga do órgano de contratación de outorgar medidas de selfcleaning aos licitadores con carácter previo a súa exclusión. No entanto, neste caso non procedía o seu outorgamento por unha sinxela razón, no escrito presentado polo mesmo o 5 de maio xunto coa documentación solicitada para a adxudicación o propio licitador admite que o plan rematou aínda que o segue aplicando, e relata e documenta os pasos dados para aprobar o novo plan.

Porén, o Real Decreto 901/2020 non prevé a "ultraactividade automática" dos plans de igualdade caducados para os efectos de eximir ás empresas das prohibicións de contratar reguladas na normativa de contratos públicos.

As expectativas de aprobación dun novo plan ou as negociacións coas organizacións sindicais (actas de febreiro, marzo e abril de 2026) só demostran un cumprimento futuro ou en trámite, pero non subsanan a ausencia dun plan vixente, aprobado e inscrito no rexistro público no momento en que se esixía o cumprimento do requisito. A seguridade xurídica que debe rexer na contratación pública impide á Mesa de Contratación validar plans cuxa vixencia temporal extinguiuse.

A doutrina do self-cleaning está deseñada para valorar a fiabilidade do licitador ante determinadas prohibicións de contratar (como condenas penais ou sancións administrativas onde o suxeito adopta medidas de reparación ou organizativas para evitar reincidir).

No caso da obriga de contar cun Plan de Igualdade inscrito, non estamos ante un xuízo de "fiabilidade moral ou organizativa" do licitador, senón ante un requisito legal de aptitude obxectivo, habilitante e de obrigado cumprimento para poder contratar co sector público. As medidas de self-cleaning non poden suplir nin substituír a carencia dun elemento constitutivo esixido por lei e polos pregos, que é a inscrición registral en vigor. Admitilo suporía unha discriminación respecto do resto de licitadores que si concorreron con plans de igualdade plenamente vixentes. E como pode apreciarse da documentación achegada polo outro licitador, COLEGIO LOS MILAGROS, este se comezou a tramitar o novo plan de igualdade con carácter previo ao vencemento do vixente. Efectivamente, o seu primeiro plan de igualdade estivo vixentes ata o 4 de abril de 2026, tal e como se pode comprobar no REGCON. O novo plan de igualdade foi rexistrado en data 23 de marzo de 2026 no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, comezando a súa vixencia o 12 de marzo de 2026. Deste dato se deduce claramente que o



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12
Documento asinado
Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

recorrente podería ter aprobado o novo plan de igualdade con carácter previo ao remate da vixencia do anterior.

O Instituto das Mulleres, pertencente ao Ministerio de Igualdade, na súa páxina web, no apartado de preguntas frecuentes indica que "*En la negociación y elaboración del segundo, o siguiente, plan de igualdad, se ha de tener presente la fecha en que el plan pierde su vigencia para constituir con tiempo suficiente la nueva comisión negociadora, garantizando que la negociación, aprobación y solicitud de registro se haga antes de que finalice el plan anterior. Es recomendable constituir la comisión e iniciar las negociones con, al menos, un año de antelación a la fecha de finalización del plan, garantizando así que en ningún momento la empresa carece de plan de igualdad en vigor, estando obligada a tenerlo*".

A resolución citada pola recorrente (nº 0041/2026, do 20 de febreiro) refírese a un suposto onde non quedara acreditado de forma suficiente o incumprimento. No presente caso, pola contra, é un feito pacífico e recoñecido pola propia empresa que o seu plan caducou o 17/01/2026, polo que o incumprimento da vixencia e da esixencia de inscrición nesa data é un feito obxectivo e indubitado. A medida de self-cleaning xa foi o escrito presentado. Non tiña posibilidade de presentar nada mais. Razón pola que esta Administración non lle outorgou un novo prazo de subsanación.

Á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación das alegacións do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

**-VI-**

**Conclusións**

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de adxudicación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de exclusión do recorrente, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

**-VII-**

**Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Data sinatura: 10/07/2026 CSV: ABB9B4-57E73D-23DH23-21GKDH-JQ3A34-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2116-1102 Aprobado por XGL 10/07/2026

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicita a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público que o Tribunal acorde, se o estima oportuno, suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

**-VIII-**

**Acordo**

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"1º.- Aprobar o presente informe.*

*2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(582).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 03/07/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/07/2026 13:46:12

Documento asinado